

XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de outubro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día vinte e dous minutos de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1184).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 2 de outubro, extraordinaria e urxente do 5 de outubro, e ordinaria e extraordinaria e urxente do 8 de outubro de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1185).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA, DE 16.10.15, DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NAS “COMISIÓNS PARITARIAS DE SEGUIMIENTO” PACTADAS EN CONVENIOS SOBRE BALAÍDOS E CAMPOS DE FÚTBOL DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 69/105.

Dáse conta da referida resolución do Excmo. Alcalde, de 16.10.15, que di o seguinte:

Con data 8 de xullo de 2015, asináronse entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo os convenios: "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS" e así mesmo o "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a execución das OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO".

Ambos convenios (pacto décimo primeiro do convenio de Balaídos e pacto décimo do convenio dos campos de fútbol) regulan a constitución dunha "Comisión paritaria de seguimento" integrada polos seguintes representantes das partes:

"Dous representantes do Concello de Vigo, e dous representantes da Deputación Provincial de Pontevedra". Así mesmo cada Institución poderá nomear un terceiro representante que terá carácter técnico."

Vista a Instrución asinada en data 16/10/15, polo concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal e coa finalidade de constituír a antedita "Comisión paritaria de seguimento", no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e en virtude das competencias delegadas na Resolución de Alcaldía do 16/06/2015, pola presente RESOLVO:

Primeiro.- Designar como representantes do Concello de Vigo nas "Comisións paritarias de seguimento" pactadas nos convenios "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS" (pacto décimo primeiro do convenio) e "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a execución das OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO" (pacto décimo do convenio) aos seguintes concelleiros:

- D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA, concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica.
- D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ, concelleiro de Deportes.

Segundo.- Designar como representante do Concello de Vigo de carácter técnico nas "Comisións paritarias de seguimento" pactadas nos convenios "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS" (pacto décimo primeiro do convenio) e "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a execución das OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO" (pacto décimo do convenio) ao técnico:

- D. JOSÉ ANGEL OTERO LAMAS, director deportivo do IMD-xefe da unidade técnica de Deportes.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución aos membros designados, á Deputación Provincial de Pontevedra e ás xefaturas das áreas implicadas.

Cuarto.- Desta Resolución darase conta á Xunta de Goberno Local para os efectos de información.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(1186).- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA RENOVACIÓN DE REPRESENTANTES DE ENTIDADES LOCAIS NA XUNTA TÉCNICA TERRITORIAL DE COORDINACIÓN INMOBILIARIA DE GALICIA. EXPTE. 2222/500.

Dáse conta da referida proposta do Excmo. Alcalde, do 19.10.15, que di o seguinte:

Con data 28 de setembro de 2015 o Sr. Delegado de Economía e Facenda, Presidente do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra, remite a D. F. Javier Pardo Espiñeira, vocal representante do Concello de Vigo (Xunta de Goberno Local de 20 de xullo de 2015), escrito no que solicita proposta de catro candidatos que “reúnan a condición de seren titulados superiores, preferentemente enxeñeiros agrónomos ou de montes ou arquitectos, que se atopen vencellados á entidade local, por unha relación laboral ou funcional” (Orde de Economía e Facenda EHA/2386/2007 de 26 de xullo).

Con data 16 de outubro de 2015 a Directora de Ingresos do Concello de Vigo, Vocal suplente do Concelleiro D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria (Xunta de Goberno Local de 27 de xullo de 2015), coa conformidade do antedito concelleiro, Sr. Pardo Espiñeira e, despois de consultar coa Sra. concelleira-delegada de Urbanismo no que se refire aos funcionarios arquitectos que se propoñen, constatando que só dispón o Concello de Vigo, no seu cadro de persoal, dun enxeñeiro superior de montes, realiza a seguinte proposta:

“Nomear aos seguintes funcionarios deste Concello de Vigo para a elección de candidatos, no próximo Consello Territorial a celebrar o 26 de outubro, a formar parte da Xunta Técnica Territorial de Coordinación Inmobiliaria de Galicia:

- D^a BELÉN GONZÁLEZ RAMÍREZ: Arquitecta Superior da Xerencia Municipal de Urbanismo, Xefa de Planeamento e Xestión.

- D. RAFAEL LAGE VEIGA: Enxeñeiro Superior de Montes do Concello.

- D^a MARÍA SOBRINO DEL RIO: Arquitecta Superior da Xerencia Municipal de Urbanismo, Xefa de Área de Servizos Técnicos.

- D. ANTONIO ALONSO FERNÁNDEZ: Arquitecto Superior da Xerencia Municipal de Urbanismo, Xefe de desenvolvemento Urbanístico.”

Examinados os antecedentes descritos, ao abeiro do sinalado no art. 127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía-Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Nomear aos seguintes funcionarios deste Concello de Vigo para a elección de candidatos, no próximo Consello Territorial a realizar o 26 de outubro de 2015, a formar parte da Xunta Técnica Territorial de Coordinación Inmobiliaria de Galicia:

-D^a BELÉN GONZÁLEZ RAMÍREZ: Arquitecta superior da Xerencia Municipal de Urbanismo, Xefa de Planeamento e Xestión.

-D. RAFAEL LAGE VEIGA: Enxeñeiro superior de montes do Concello.

-D^a MARÍA LUISA SOBRINO DEL RIO: Arquitecta superior da Xerencia Municipal de Urbanismo, xefa de Área de Servizos Técnicos.

- D. ANTONIO ALONSO FERNÁNDEZ: Arquitecto superior da Xerencia Municipal de Urbanismo, xefe de Desenvolvemento Urbanístico.

Segundo.- *Comunicar este acordo á Presidencia do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra, ao concelleiro de Xestión Municipal, á directora de Ingresos e aos funcionarios implicados.*

Terceiro.- *O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1187).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas remitadas polo Servizo de Asesoría Xurídica:

a) Expte. nº 9203-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 315/15 P.A. Demandante: D^a MERCEDES BRANERA LUQUE. Obxecto: Responsabilidade patrimonial administrativa por caída na vía pública o 6-3-2014 (Expte. 4442/243) Estimado parcialmente o recurso.

b) Expte. nº 9192-111. Senteza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 254/2015 P.A. Demandante: D. RAUL GONZALEZ BENEITEZ. Obxecto: Resolución do 23 de febreiro (en reposición). Responsabilidade patrimonial administrativa, caída na vía pública (Pza. de El Rey) 28.01.13 (Expte. 3973/243). Estimado parcialmente o recurso.

c) Expte. Nº 9177-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 237/2015 P.A. Demandante: D^a PAULA PASCUAL SUAREZ. Obxecto: Resolución do 29.05.15. Responsabilidade patrimonial administrativa, colector de residuos sólidos urbanos, danos nun vehículo. (Expte. 4346/243). Desestimado o recurso.

d) Expte. Nº 7904-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo no procedemento 313/2013 (M.S.C.T.). Demandante: D^a VERÓNICA COSTAS RODRÍGUEZ. Obxecto: Decisión do 18.02.13 de GALAICONTROL S.L de traballar nas oficinas centrais da empresa. Desestimado o recurso.

e) Expte. Nº 8837-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 360/14 P.A. Demandante: D^a M^a JOSE PEREIRA MADRIÑAN. Obxecto: Desestimación presunta da denuncia do 17.09.12 (e arquivo do expediente) por actividade (de crianza de cans de caza) no nº 45 da rúa Freiría. Estimado o recurso.

f) Expte. Nº 8387-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no RC-A nº 10/2014 P.O. Demandante: C.P. SANJURJO BADIA 167. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 17.06.13. Responsabilidade patrimonial administrativa, filtración de auga. Desestimado o recurso.

g) Expte. Nº 8697-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo no RC-A nº 178/2014 P.A. Demandante: D^a. MONICA LOPEZ-CORONADO CARNEIRO. Obxecto: XGL do 9.04.14, extinción de relación laboral indefinida por cobertura regular da praza. Estimado o recurso.

Apelación nº 8/2015 do TSXG, Sala do C-A, Sección 1^a. Sentenza nº490 do 23 de setembro do 2015. Estimado o recurso de apelación.

h) Expte. Nº 9204-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 256/2015 P.A. Demandante: D. JONATHAN DEZA TEIXEIRA. Obxecto: Resolución do 2.02.15. Sanción tráfico. Desestimado o recurso.

i) Expte. Nº 9200-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no RC-A nº 260/2015 P.A. Demandante: ADVERTISING & INVESTMENT S.L. Obxecto: Resolución do 9.04.15. Sanción tráfico. Desestimado o recurso.

k) Expte. 8379-111. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 2^a. Apelación nº 4262/2015. Obxecto: Sentencia desestimatoria do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 1/2014 P.O. Demandante: PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A. sobre restablecemento do equilibrio contractual. Desestimación do recurso de apelación.

l) Expte. Nº 8265-111. Sentenza do TSXG, Sala do Social. Suplicación nº3107/2014. Obxecto : Sentenza desestimatoria do Xulgado do Social nº 5 de Vigo, procedemento nº 1147/2013 (Seguridade Social). Demandante: D^o Ramón Vázquez Rial. Resolución do 26-09-2013 (indemnización). Denegación de incapacidade permanente parcial. Desestimado o recurso de apelación.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(1188).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA COMUNICACIÓN DA SENTENZA Nº 175, DO 8 DE MAIO DE 2015, FIRME, DITADA POLO XC-A Nº 1 DE VIGO NO P.A. 145/2015 (XUNTA DE GOBERNO 19.06.15) INTERPOSTO POR CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA S.A. EXPTE. 9072/111.

Dáse conta do informe do letrado de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

“Por un erro desta Asesoría Xurídica, na comunicación da sentenza nº 175, do 8 de maio de 2015, firme, ditada polo XC-A nº 1 de Vigo no P:A. 145/2015 (recollida no punto 2.e. Da acta da Xunta de Goberno local do pasado 19 de xuño de 2015) esta figura como “desestimatoria” cando en realidade é, e debe constar como, “estimatoria”, con anulación do acto (resolución do 29 de decembro de 2014) e condena o pagamento de 7704,15 € mais xuros legais dende o 29 de agosto de 2014.

Polo cal, comunicamos o erro cometido e solicitamos a súa corrección (con constancia para efectos das actas da Xunta de Goberno local); así como á execución, en tempo e forma, do xudicialmente resolto.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda a rectificación do erro nos termos recollidos no precedente informe.

6(1189).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO DE 2015. EXPTE. 116102/301.

Mediante escrito de data 15.10.15, en cumprimento da base 31ª das de Execución do presuposto en vigor, a concelleira-delegada da Área de Política Social dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social durante os meses de agosto e setembro de 2015, que son os seguinte:

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 2310 / 2015

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
27/08/15	OBRAS IMPERMEABILIZACION TERRAZA NO CIIES	2120002	201500056017	3025,00	MANTENIMIENTO, RECUPERACIÓN & SERVICIOS - MARS
30/09/15	SERVIZO MENSAXERIA	2230000	201500062907	4000,00	VARIOS
29/09/15	PROXECTO SOCIOEDUCATIVO XIN XIN	2260907	201500064600	6000,00	CENTRO XUVENIL ABER-TAL
30/09/15	INTERVENCION LUDICO SOCIAL MENORES BARRIO DE TEIS	2260907	201500064616	8629,50	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
27/08/15	15 INFORMES AVALIACION VIVENDAS PROG. MELLORA FOGARES	2270600	201500053858	4900,00	ORLANDO ABILDUA CAPE-TILLO
11/09/15	GASTOS EMISION TARXETAS PAGO AXUDAS SOCIAIS	2279900	201500059264	3000,00	VARIOS

08/09/15	DESEÑO 5 POWER POINT E 25 USB CATALOGOS PREVENCIÓN DROGAS	2279906	201500054599	2580,33	JULINDA MOLARES CARDOSO
25/09/15	DESEÑO E MAQUETACIÓN 50 DOCUMENTOS INFORMATIVOS	2279908	201500059633	1718,20	JULINDA MOLARES CARDOSO
18/08/15	SERVIZO TELETRADUCCION SERVIZO INMIGRACION	2279917	201500052376	4833,95	DUALIA TELETRADUCCION S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(1190).- PROPOSTA DE ANULACIÓN DE RETENCIÓN DE CRÉDITO REFERENTE Á ADQUISICIÓN DE 1600 ENTRADAS PARA PRESENCIAS OS PARTIDOS DO R.C. CELTA DE VIGO NAS COMPETICIÓN DE LIGA, COPA E PARTIDOS DE CARÁCTER AMIGABLE. EXPTE. 13337/333.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo IMD, do 13.10.15, conformado polo concelleiro de Deportes e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 19 de setembro de 2014, acordou Adxudicar ó REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2014-2015 por un prezo total de 169.400 euros (IVE incluído), sendo a cota correspondente ó IVE de 29.400 euros, pola compra de 1.600 entradas por partido para un mínimo de 20 partidos, o que fai un total de 32.000 entradas.

Con data 19 de setembro de 2014, formalizouse o contrato vinculado coa dita adquisición de entradas para os partidos a celebrar durante a tempada 2014/2015. Tras a formalización do contrato, e segundo os datos confirmados na Concellería de Deportes, o RC Celta de Vigo, no ano 2014 disputaranse un máximo de 7 partidos no Estadio Municipal de Balaidos, polo cal, con data 12 de decembro de 2014 a Xunta de Goberno Local acordou o axuste dos importes das anualidades dos anos 2014 e 2015 vinculadas co contrato, tal como se detalla a continuación: 2014: 59.290,00 €. (ive incluído), 2015: 110.110,00 €. (ive incluído).

O contrato finalizou ao remate da liga o pasado mes de maio, e en base o mesmo, foron tramitadas as correspondentes facturas por un importe total de 160.930,00, correspondentes os 19 partidos celebrados.

En base os antecedentes descritos, e tendo en conta a non celebración de 1 dos 20 partidos como mínimo incluídos no contrato, procede a solicitude de anulación do crédito retenido neste contrato de acordo o seguinte importe:

EXPEDIENTE 13337-333	Nº AD	IMPORTE
Adquisición 1600 entradas partidos RC CELTA DE VIGO-	201400083993	8.470,00 €

Dita anulación ten por obxecto á optimización dos recursos financeiros dispoñibles, así como á tramitación de novos gastos antes do remate do exercicio, tendo en conta que finalizado o contrato a mesma no interfere no desenvolvemento da actividade prevista.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Poñer en coñecemento da Xunta de Goberno Local da finalización do contrato referido o expediente 13337/333, para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2014-2015, non executándose a totalidade das prestacións inicialmente contempladas, quedando minorado o importe total do contrato en 8.470,00 €.

Segundo: Autorizar a anulación do crédito no executado en relación a anualidade correspondente ao ano 2015, por un importe de 8.470,00 €, do expediente 13337/333, para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2014-2015, de acordo o seguinte AD:

EXPEDIENTE 13337-333	Nº AD	IMPORTE
Adquisición 1600 entradas partidos RC CELTA DE VIGO-	201400083993	8.470,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1191).- BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO “VIGO EMPREGA”. EXPTE. 12225/77.

Visto o informe xurídico do 6.10.15, o informe de fiscalización do 14.10.15, e o a ampliación de informe do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, do 15.10.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de dito servizo, do 5.10.15, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

A concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, ven promovendo o emprego no municipio, a través de distintos programas de inserción e busca de emprego. Prestando especial atención aos colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Tratando de incidir directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención implementados por esta concellería, entre os que destacamos: as accións de mellora da empregabilidade; mellora a calidade do emprego; promoción dunha maior seguridade no traballo e redución da siniestralidade; fomento do emprendemento, a economía social e a mellora das relacións laborais.

Neste contexto, o Concello de Vigo, continuará no marco do Plan Municipal de Emprego co Programa VIGO EMPREGA, enmarcado nos orzamentos municipais, que permitirá a adquisición de experiencia profesional e formación, de numerosas persoas desempregadas que precisan nestes momentos, unha axuda para reintegrarse ao mercado laboral, no ámbito da construción e máis concretamente, en actuacións que teñen que ver coa realización de obra pública,.

Esta concellaría continuará coa mellora dos aspectos deficitarios detectados en anos anteriores,

á vez que racionalizar os seus procedementos e mecanismos de acceso. Este programa está baseado na realización de obras e servizos de interese municipal a través da contratación de persoas desempregadas de Vigo con maior necesidade social. As persoas candidatas prioritariamente pertencen á colectivos con maiores dificultades de inserción sociolaboral.

Para esta nova convocatoria mantense o procedemento de selección da anterior convocatoria, as persoas candidatas a ser seleccionadas serán solicitados as oficinas de Servicio Público de Galicia en Vigo, para que realicen un sondeo e faciliten os candidatos a seleccionar.

As bases de convocatoria que regularán o procedemento de selección para o ano 2016 son as que se achegan para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local no Anexo I deste expediente, e nas que se establece, entre outros:

3. POSTOS DE TRABAJO.

Os postos de traballo a convocar no Programa VIGO EMPREGA, son os de: peóns, oficiais e capataces, e persoal técnico administrativo, todos eles, beneficiarios/as. O número de postos a seleccionar determinarase no momento da publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación por Intervención e aprobadas pola Xunta de Goberno Local. Os postos de traballo a convocar, son os seguintes:

Auxiliar topógrafo	Oficial carpintería de madeira	Oficial mecánica do automóbil
Delineante	Oficial carpintería metálica	Oficial pintura
Auxiliar administrativo	Oficial condutor	Oficial xardinería-forestal
Capataz construción	Oficial condutor-palista	Peóns construción
Oficial albanelería	Oficial desinfección	Peóns xardinería-forestal
Oficial cantería	Oficial electricidade	
Oficial carpintería de aluminio	Oficial fontanería	

4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN.

Duración. - A duración determinada inicial estímase:

- Como máximo 6 meses que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego VIGO EMPREGA.
 - As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do programa VIGO EMPREGA, debedo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.
 - Establécese un período de proba para as persoas contratadas de 1 mes de duración.
- A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitos, aos informes xurídicos da

Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, do Interventor Xeral, ás limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa como máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, co informe previo á contratación de dito cumprimento, emitido pola xefatura do servizo que corresponda, así coma ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, lei 7/2007 do 12 de abril; ao Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia lei 30/1984 do 2 de agosto e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa ás persoas aspirantes.

Modalidade.- Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita xefatura mailo do Interventor Xeral.

Asimesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego para a Inserción Laboral "VIGO EMPREGA" para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

Retribucións.-

- As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego", que se atope en vigor no momento da contratación.
- As establecidas no Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

Conforme establecen as bases de selección, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, determinará e aprobará na convocatoria de selección de beneficiarios/as:

1. Relación de obras a desenvolver polo persoal do programa VIGO EMPREGA:

a) Vías e Obras:

- Construción de beirarrúas en:
 - Rúa Fonte Oscura – candeán.
 - Rúa Rioboo – A Salgueira
 - Rúa Portela – Lavadores
 - Rúa Casal – Sampaio

b) Policía Local:

- Acondicionamento de vestiarios para uso d'ido persoal da Policía Local.

c) Limpeza:

- Limpeza de restos vexetais, maleza e terras, mediante o desbroce de camiños, valados e cunetas, nas seguintes parroquias:
 - Parroquia de Cabral.
 - Parroquia de Lavadores
 - Parroquias de Sampaio.
- Construcción dun galpón formado cuberto, no Parque Central Municipal.

d) Parques e Xardíns:

- Novas praderías de cespede, resemteira das existentes e prantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.
- Acondicionamento e reparación de camiños públicos e escaleiras de acceso ao parque de Castro.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas.
- Rega automática nos parques de Castro e Castrelos.

e) Educación:

- Acondicionamento de baños nos CEIP de Balaidos, Carballal e Carrasqueira.
- Pintado peches perimetrais dos CEIP Cristo da Victoria e Castelao.
- Acondicionamento de espazos dos CEIP ed Beade-Coutada, Frián e Mestres Goldar.

f) Parque Central de Servizos:

- Pintado de instalacións no Parque Central de Servizos.
- Mantemento e arranxo de vehículos do programa.

g) Emprego:

- Acondicionamento interior nave municipal da Florida.

h) Desinfección.

- Apoio a campaña de desratización do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización en barrios e parroquias.

2. Convocatoria dos seguintes postos a contratar para o desenvolvemento do programa VIGO EMPREGA no 2016.

a) Peóns beneficiarios/as :

1. Peóns de Construción. nº de postos a contratar: trinta e oito (38).
2. Peóns de xardinería-forestal. nº de postos a contratar: vinte e dous (22)

b) Oficiais de oficios beneficiarios/as:

1. Albaneis - nº de postos a contratar: catorce (14).
2. Canteiro - nº de postos a contratar: un (1)
3. Carpinteiro aluminio- nº de postos a contratar: un (1).
4. Carpinteiro madeira: nº de postos a contratar: un (1)
5. Carpinteiro metálico- nº de postos a contratar: un (1).
6. Condutores - nº de postos a contratar: dez (10).
7. Palista - nº de postos a contratar: un (1).
8. Fontaneiro - nº de postos a contratar: un (1).
9. Electricista - nº de postos a contratar: un (1).
10. Xardineiros/as forestais - nº de postos a contratar: oito (8).
11. Pintor - nº de postos a contratar: un (1)
12. Mecánico do automóvil: nº de postos a contratar: dous (2)
13. Desinfectores. nº de postos a contratar: un (1)

c) Capataces beneficiarios/as:—

1. Capataces construción: nº de postos a contratar: tres (3).

d) Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:

1. Auxiliar administrativo: tres(3)
2. Delineante. nº de postos a contratar: un (1)
3. Auxiliar Topografo. nº de postos a contratar: un (1)

3. Selección dos beneficiarios/as.

- O Concello de Vigo, solicitará as/os traballadores que correspondan, dacordo coas características recollidas nas bases mediante a presentación de Oferta de Emprego, facendo referencia as características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.
- Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello, por iso acordase manter as porcentaxes para a contratación das persoas beneficiarias establecidas nas bases de selección de candidatos ao programa "Vigo Emprega".
- Realizarase posteriormente a comprobación do cumprimento de requisitos imprescindibles e baremación das persoas candidatas ao proceso de selección, para finalmente proceder a realización de entrevistas e proba práctica.
- Baremación dos expedientes persoais / profesionais (Capataces e oficiais).
- Entrevista persoal (máximo 2 puntos)

A entrevista, debe entenderse como un aspecto determinante para poder avanzar no proceso de selección, xa que poderá avaliarse a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e ver de primeira man as reaccións do mesmo e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do programa.

Realizaráselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de persoalidade, actitude e aptitude de adecuación ao programa. Incidirase en aspectos vencellados a busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

Solicitarase das persoas candidatas información sobre: a experiencia profesional previa, opinión sobre as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a calificación NSNM (non supera a nota mínima), consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

Sen esta calificación de "NSNM" na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

- Proba práctica (máximo 4 puntos)

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto de traballo. Valoraranse competencias básicas donde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacioandas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do programa Vigo Emprega e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios, as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñanse conforme a profesión e as labouras máis comúns que se teñen previsto desenvolver, conforme as obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en: obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase "NSNM" e quedará excluída do proceso de selección.

Publicación das listaxes de admitidos a contratar e listaxe de suplentes.

Os custos totais estimados das retribucións do persoal son os reflectidos na seguinte táboa, segundo o establecido no Acordo Marco prorrogado de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do PME 2008-2011, na modalidade de beneficiarios para o persoal técnico administrativo, capataces, oficiais de oficios e peóns:

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2016														
Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. d. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Cotización por trab/pos	Custe total estimado	Custe postos/mes	ANO 2016	SS total Postos 6 Meses	Salarios totais Postos 6 Meses
3	Auxiliar administrativo	728,80	121,47	850,27	850,27	84/-	32,75	272,94	818,82	1.123,21	3.369,63	20.217,78 €	4.912,92	15.304,86 €
1	Auxiliar topografo	728,80	121,47	850,27	850,27	84/-	37,80	321,40	321,40	1.171,67	1.171,67	7.030,03 €	1.928,41	5.101,62 €
1	Delineante	728,80	121,47	850,27	850,27	84/a	32,75	278,46	278,46	1.128,73	1.128,73	6.772,37 €	1.670,77	5.101,60 €
3	Capataz-Construción	745,24	124,21	869,45	869,45	84/d	37,80	328,65	985,96	1.198,10	3.594,30	21.565,81 €	5.915,73	15.650,08 €
14	Oficial albanel	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	4.499,60	1.171,66	16.403,30	98.419,80 €	26.997,59	71.422,20 €
1	Oficial electricista	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Oficial fontaneiro	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Of. Carpintería aluminio	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Oficial Carpintería metálica	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Of. conducción-Palista	728,80	121,47	850,26	850,26	84/-	32,75	278,46	278,46	1.128,73	1.128,73	6.772,36 €	1.670,77	5.101,59 €
1	Of. Desinfección	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	34,70	295,04	295,04	1.145,31	1.145,31	6.871,84 €	1.770,25	5.101,59 €
1	Of. Carpintería madeira	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Of. Pintor	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
2	Of. mecánica automoción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/-	32,75	278,46	556,92	1.128,73	2.257,45	13.544,71 €	3.341,54	10.203,17 €
8	Of. xardinería	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	34,70	295,04	2.360,33	1.145,31	9.162,45	54.974,69 €	14.162,00	40.812,69 €
10	Of. conducción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/-	32,75	278,46	2.784,62	1.128,73	11.287,26	67.723,55 €	16.707,69	51.015,86 €
1	Of. canteiro	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
22	Peón Xardinería-Forestal	694,10	115,68	809,79	809,79	84/g	34,70	281,00	6.181,90	1.090,78	23.997,19	143.983,13 €	37.091,42	106.891,71 €
38	Peón construción	694,10	115,68	809,79	809,79	84/d	37,80	306,10	11.631,76	1.115,88	42.403,62	254.421,70 €	69.790,57	184.631,13 €
111									33.243,08	Mes	125.251,28	751.507,67	199.458,47	552.049,20

O prazo previsto de contratación será a partir do 02 de xaneiro de 2016, polo que o custo total de 751.507,67 € para o ano 2016, dende o 02 de xaneiro ata o 1 de xullo de 2015. Estes custos aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2016:

- 2410 1310000 "Plan de Emprego Municipal:
 - Orzamento 2016 552.049,20 €
- 2410 16000001 "Seguridade Social Emprego:
 - Orzamento 2016 199.458,67 €

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de realizar a convocatoria de contratación de peóns, oficiais e capataces e persoal técnico administrativo beneficiarios/as, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

1. Aprobar as BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO "VIGO EMPREGA, que se achegan no Anexo I.
2. Aprobar a convocatoria de contratación de 111 traballadores, dos seguintes postos para o programa de inserción laboral "VIGO EMPREGA" 2016:
 - a) 3- Auxiliares administrativos

- b) 1- Delineante beneficiario/a.
- c) 1- Auxiliar topógrafo beneficiario/a
- d) 3- Capataces construción beneficiarios/as
- e) 43 - Oficiais beneficiarios/as:
 - 14- Oficiais albanel.
 - 1- Oficial carpinteiro aluminio.
 - 1- Oficial carpinteiro metálico
 - 1- Oficial carpinteiro de madeira
 - 10- Oficiais condutores.
 - 1- Oficial palista.
 - 1- Oficial fontaneiro.
 - 1- Oficial electricísta.
 - 8- Oficiais xardineiros/forestais.
 - 1- Oficial pintor.
 - 1- Oficial desinfectador.
 - 1- Oficial canteiro
 - 2- Oficiais mecánicos automoción
- f) 60 - Peóns beneficiarios/as:
 - 22- Peóns xardinería-forestal
 - 38- Peóns de construción.

2. Establecer o número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos n apartado 9 das Bases de Selección das de persoas candidatas:

- a) 3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo 2
- b) 30% menores de 30 anos dos que ao menos o 50% en busca 1º emprego. 18
- c) 30% mulleres. 18
- d) 19% persoas maiores de 45 anos 11
- e) 18% persoas paradas de longa duración. 11

3. Realizar a solicitude de persoas candidatas as Oficinas do Servicio Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para os distintos postos para pasar ao procedemento de selección:

- a) Peóns: Comprobación do cumprimento dos requisitos imprescindibles establecidos no punto 6 das bases de selección.
- b) Oficiais e capataces e persoal técnico administrativo: Valoración dos candidatos segundo criterios de experiencia laboral formación e outros meritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.
- c) Autorizar a realización de entrevista e proba práctica relacionada co oficio e posto aos Capataces, oficiais e peóns beneficiarios/as.

4. Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa, que deseguido se relacionan:

- a) Vías e Obras:
 - Construción de beirarrúas en:
 - 1. Rúa Fonte Oscura – candeán.

2. Rúa Rioboo – A Salgueira
3. Rúa Portela – Lavadores
4. Rúa Casal – Sampaio

b) *Policia Local:*

- *Acondicionamento de vestiarios para uso d'ido persoal da Policía Local.*

c) *Limpeza:*

- *Limpeza de restos vexetais, maleza e terras, mediante o desbroce de camiños, valados e cunetas, nas seguintes parroquias:*
 1. *Parroquia de Cabral.*
 2. *Parroquia de Lavadores*
 3. *Parroquias de Sampaio.*
- *Construcción dun galpón formado cuberto, no Parque Central Municipal.*

d) *Parques e Xardíns:*

- *Novas praderías de cespede, resemteira das existentes e prantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.*
- *Acondicionamento e reparación de camiños públicos e escaleiras de acceso ao parque de Castro.*
- *Eliminación de barreiras arquitectónicas.*
- *Rega automática nos parques de Castro e Castrelos.*

e) *Educación:*

- *Acondicionamento de baños nos CEIP de Balaidos, Carballal e Carrasqueira.*
- *Pintado peches perimetrais dos CEIP Cristo da Victoria e Castelao.*
- *Acondicionamento de espazos dos CEIP ed Beade-Coutada, Frián e Mestres Goldar.*

f) *Parque Central de Servizos:*

- *Pintado de instalacións no Parque Central de Servizos.*
- *Mantemento e arranxo de vehículos do programa.*

g) *Emprego:*

- *Acondicionamento interior nave municipal da Florida.*

h) *Desinfección.*

- *Apoio a campaña de desratización do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización en barrios e parroquias.*

5. *Aprobar o gasto total de 751.507,87 €, do orzamento municipal correspondente ao ano 2016:*

- *2410 1310000 "Plan de Emprego Municipal: 552.049,20 €*
- *2410 16000001 "Seguridade Social Emprego: 199.458,67 €*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO “VIGO EMPREGA”.

1. INTRODUCCIÓN

A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, ven a por en marcha unha nova convocatoria do programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA”, para facilitar a inserción laboral de colectivos con dificultades. Esta é a premisa do programa e os seus antecedentes, dende o ano 2001, na progresiva aplicación por parte do Concello de Vigo de políticas de fomento do emprego e mellora da ocupación das persoas desempregadas. As persoas beneficiarias destas accións serán seleccionadas seguindo o criterio fundamental de “necesidade social”, que responde de modo oportuno á idea de promoción do emprego nos colectivos máis necesitados de experiencia no mercado laboral.

Na actual situación, as dificultades de inserción están xeralizadas a toda a poboación en idade de traballar, e van dende titulados a persoas con experiencia previa en sectores como automoción, naval, construción ou servizos, ou persoas en busca do seu primeiro emprego. Estas persoas desempregadas posúen un perfil, características e bagaxe profesional con proxección para a consecución de novos empregos, sempre e cando aumente a súa formación, capacitación e melloren as coxunturas económicas e laborais.

Por todo elo, o programa debe contribuir a xerar valor engadido, as persoas beneficiarias que participen no programa, axudando a corrixir deficiencias, a aumentar potencialidades, competencias e desenvolver hábitos e actitudes no traballo. Debe ser ademais, dunha aportación económica e experiencia, un pulo á formación que especialice, perfeccione e complemente a experiencia práctica e o perfil profesional das persoas traballadoras.

O Programa debe ampliar a súa oferta formativa teórica, complementándoa co traballo en obra, e así dotar de experiencia práctica a formación. Esta, debe apostar por a innovación, aplicación de novas técnicas e tecnoloxías, especialización e mellora da profesionalidade dos participantes. A formación articularase dentro do horario laboral. Esta estrutura posibilita dar resposta ás demandas de formación das persoas participantes, adaptándoa tamén, ás demandas do mercado de traballo e ás posibilidades orzamentarias dispoñibles.

Isto reflicte a necesidade de implementar medidas de apoio e discriminación positiva, centrada en grupos de idade a partires de 18 anos, que con carácter habitual proceden do mundo laboral, con cargas familiares que precisan apoio e un pulo para mellorar a súa cualificación profesional, tanto para perfeccionar e actualizar os seus coñecementos, como para ampliar as súas capacidades aprendendo novos oficios e reciclándose para introducirse en novos sectores de actividade. O Programa VIGO EMPREGA facilitará a reincorporación ao mercado laboral a persoas que proveñen de sectores altamente castigados pola crise, persoas con habilidades sociais e profesionais suficientes para desenvolver un traballo profesional e con proxección, para a súa incorporación laboral en novas empresas e sectores de actividade.

Na actualidade, obsérvase unha tendencia do inicio da recuperación de sectores de actividade como o naval e certos ambitos da construción, tamén na evolución do paro nos últimos tempos, reflexo evidente dunha situación financeira, económica e laboral esperanzadora. Esta obríganos a potenciar ao máximo os recursos deste Concello, para continuar implementando medidas que potencien e consoliden a tendencia na recuperación do emprego, apostando, por programas que faciliten a formación e a adquisición de: experiencia, habilidades, coñecementos e actitudes profesionais.

2. OBXECTIVOS

A realización de obras e/ou servizos de interese municipal, por persoas que teñen dificultades importantes para atopar emprego. Polo tanto, mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional. En definitiva, o paso polo programa, debe contribuir dunha maneira

eficaz a aumentar as posibilidades de inserción no mercado laboral, dos traballadores participantes.

O Programa "VIGO EMPREGA" necesita tamén, incorporar un número de oficiais beneficiarios con experiencia profesional e con habilidades formativas que posibiliten a capacitación profesional nos oficios relacionados coa obra civil, a xardinería e os servizos de interese municipal, das persoas beneficiarias na categoría de peón. Tamén achegará unha mellora na profesionalidade por medio da experiencia e da formación complementaria dos capataces e oficiais de oficios que se incorporen ao programa.

Este é un instrumento elaborado para promover o emprego no municipio, prestando especial atención a todos os colectivos que teñen dificultades para integrarse laboralmente. O sector da poboación desempregada é moi extenso, polo que o programa incide directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención deste Concello, creando accións de mellora da empregabilidade e calidade do emprego.

3. POSTOS DE TRABAJO.

Os postos de traballo a convocar no Programa VIGO EMPREGA, son os de: peóns, oficiais e capataces, e persoal técnico administrativo, todos eles, beneficiarios/as. O número de postos a seleccionar determinarase no momento da publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación por Intervención e aprobadas pola Xunta de Goberno Local. Os postos de traballo a convocar, son os seguintes:

Auxiliar topógrafo	Oficial carpintería de madeira	Oficial mecánica do automóbil
Delineante	Oficial carpintería metálica	Oficial pintura
Auxiliar administrativo	Oficial condutor	Oficial xardinería-forestal
Capataz construción	Oficial condutor-palista	Peóns construción
Oficial albanelería	Oficial desinfección	Peóns xardinería- forestal
Oficial cantería	Oficial electricidade	
Oficial carpintería de aluminio	Oficial fontanería	

4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN.

Duración.- A duración determinada inicial estímase:

- Como máximo 6 meses que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego VIGO EMPREGA.
- As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do programa VIGO EMPREGA, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.
- Establécese un período de proba para as persoas contratadas de 1 mes de duración.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitos, aos informes xurídicos da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, do Interventor Xeral, ás limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa como máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, co informe previo á contratación de dito cumprimento,

emitido pola xefatura do servizo que corresponda, así coma ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, lei 7/2007 do 12 de abril; ao Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia lei 30/1984 do 2 de agosto e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa ás persoas aspirantes.

Modalidade.- Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita xefatura mailo do Interventor Xeral.

Asimesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego para a Inserción Laboral "VIGO EMPREGA" para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

Retribucións.-

- As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego", que se atope en vigor no momento da contratación.
- As establecidas no Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

5. REQUISITOS BÁSICOS

- Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente. Non poderan ser contratados candidatos que superen a idade legal de xubilación establecida, en todo caso non poderan superar os 65 anos, tal e como se recolle no artigo 67 do EBEP, Lei 7/2007 do 12 de abril.
- Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto solicitado. Sendo obrigatorio polas persoas candidatas a comunicación expresa das limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das tarefas propias do posto de traballo ao que se presenta. (Informe médico ou certificación positiva do EVO como condición previa á contratación, sen a presentación do informe e a superación da correspondente e previa avaliación médica non serán contratados para a participación neste programa)
- Estar desempregada/o e inscrito/a como demandante de emprego nalgunha das oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo na data de solicitude de candidatos ao SPEG. Non se admitirán situacións de mellora de emprego.
- Estar empadroadado/a no Concello de Vigo, con anterioridade ao 01/06/2014
- Non ter sido contratado/a por este Concello con data fin de contrato, con posterioridade ao 31/12/2014, en ningún dos seguintes programas: UTIL, VIGO EMPREGA, Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, Programas de Colaboración Xunta-Entidades Locais, ou con un contrato temporal ou de interinidade.
- Non ter sido sancionado nunca como traballador deste concello en calquera dos programas recollidos no parágrafo anterior ou en calquera outra relación contractual co Concello de Vigo, por ter incorrido en falta grave ou moi grave, sendo resultado da apertura dalgún expediente de carácter disciplinario.
- Non poderán participar na mesma quenda do VIGO EMPREGA, dúas persoas pertencentes á mesma unidade de convivencia familiar. Ben sexan por consanguinidade ou afinidade ata un segundo grado e/ou teñan relación conxugal ou como parella de feito.
- As persoas estranxeiras non comunitarias deben ter permiso de traballo en vigor, temporal ou permanente en regra, que autorice a traballar, na data da convocatoria, e mantendo esta situación ata o momento da contratación.

–Presentar a documentación completa e en regra, requerida polo programa e polo SPEG no prazo establecido na convocatoria. O incumprimento dos prazos implicará a exclusión automática do proceso de selección, non accedendo a persoa candidata a fase de baremación.

6. REQUISITOS PROFESIONAIS, FUNCÍONS E OBRIGAS

✓ Descrición

Auxiliar administrativo: traballadores beneficiarios, recen titulados menores de 30 anos e en busca do primeiro emprego, desenvolverán funcións de apoio administrativo no Programa “Vigo Emprega”, encargados da mecanización de partes de traballo diario, elaboración de informes ou documentos e todas aquelas funcións de apoio en tarefas de carácter administrativo incluíndo tarefas que conleven atención ao público. O posto de auxiliar administrativo ten a súa propia categoría profesional tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)

Delineante e auxiliar topógrafo: traballadores beneficiarios, recen titulados menores de 30 anos e en busca do primeiro emprego, desenvolverán funcións de apoio a xefatura de obra, encargados da elaboración de orzamentos de obra, medicións e traballos realizados, e todas aquelas funcións de apoio en colaboración coa dirección do programa e xefatura de obra. O posto de delineante a nivel salarial asimilase a categoría de xefe administrativo e o posto de auxiliar topógrafo á categoría de oficial administrativo tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)

Capataces traballadores oficiais coa experiencia demostrable en posto de traballo similar e terán ademais das funcións propias de oficial a de colaborar coa xefatura de obra na coordinación de diferentes unidades de traballo en obra, colaboración nos aspectos relacionados coa loxística de transporte e de distribución de traballos e materiais ao grupo de oficiais a cargo, e aspectos relacionados co cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais. Os oficios para os que se ofertarán prazas de capataz de construción.

Oficiais de oficios nas diferentes especialidades que se indican nestas bases. Os oficiais son persoas con experiencia demostrable nos diferentes postos de traballo, con responsabilidades no control dos grupos de traballo, formación, execución dos traballos en obra; e os oficiais condutores, con responsabilidades no desprazamentos de persoas e materiais ás obras.

Peóns beneficiarios do Programa “Vigo Emprega”, serán aquelas persoas, sen necesaria cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver, que executarán as tarefas programadas seguindo as indicacións dos seus superiores, adquirindo unha capacitación e experiencia laboral que facilite a súa posterior inserción no mercado de traballo normalizado.

Todas as persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Programa “Vigo Emprega” deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal, se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas, para favorecer a súa posterior inserción laboral. A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumprimento por parte dos/as beneficiarios/as durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, a rescisión do contrato laboral.

- Funcións, experiencia mínima e formación necesaria por posto para persoal beneficiario

a) **Persoal Técnico e Administrativo.**

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

- *Ter unha idade menor ou igual a 30 anos, sen experiencia mínima no posto e estar en situación de busca do primeiro emprego. As persoas candidatas, que teñan traballado, e non acumulen unha experiencia laboral previa superior a 180 días no mesmo posto ao que se opta, considerarase en busca do 1º emprego.*
- *Desenvolveran funcións de apoio á administrativa do programa “Vigo Emprega”, encargados da mecanización de partes de traballo diario, elaboración de informes ou documentos e todas aquelas funcións de apoio en tarefas de carácter administrativo, incluíndo tarefas que impliquen atención ao público.*
- *As persoas candidatas nesta categoría deberán presentar o diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.*
- *O posto de auxiliar administrativo ten a súa propia categoría profesional tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).*

DELINEANTE E AUXILIAR TOPÓGRAFO

- *Ter unha idade menor ou igual a 30 anos, sen experiencia mínima no posto e estar en situación de busca do primeiro emprego. As persoas candidatas, que teñan traballado, e non acumulen unha experiencia laboral previa superior a 180 días no mesmo posto ao que se opta, considerarase en busca do 1º emprego.*
- *Desempeño de funcións de coordinación de traballos relacionados coa execución de obras, medicións, elaboración de presupostos, apoio en funcións de seguimento e control aos membros do equipo técnico.*
- *As persoas candidatas nesta categoría deberán presentar o diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.*
- *Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais.*

b) **Persoal de obras e servizos**

CAPATAZ

- *Distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución.*
- *Programación, coordinación, supervisión e control do persoal ó seu cargo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos.*
- *Control e responsabilidade da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados.*
- *Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais.*
- *Realiza-las actividades que impliquen a responsabilidade dunha unidade de traballo que podan ser realizadas por un ou varios traballadores do seu grupo ou grupos inferiores.*
- *Instruír ao persoal no período de formación teórico práctico inicial e en obra nos traballos propios da súa especialidade.*
- *Colaborar na organización do transporte de persoal e materiais as unidades de obra asignadas.*

- *Posuir a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de capataz no oficio correspondente.*
- *Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 6 segundo establece o Informe de Vida Laboral e que ademáis figure como capataz ou encargado segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.*

OFICIAL

- *Poden desempeñar funcións de docencia, especialmente no período de formación teórico-práctica inicial, e na execución das diferentes obras e servizos.*
- *Terá a responsabilidade da execución das obras en colaboración cos encargados, xefes de equipo e xefe de obra.*
- *Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.*
- *Posuir a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial no oficio ao que opta. Valorarase a formación recibida.*
- *Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª, segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.*

OFICIAL CONDUTOR/CONDUTOR-PALISTA

- *Funcións de desprazamento e transporte de materiais e persoas ás obras e demais lugares de traballo, coidado de materiais de traballo, en todo tipo de vehículos, dende turismos ata camións de máis de 3.500 kg, manexo de grúas e guindastres. No caso do palista palas escavadoras e retroescavadoras e coidado de materiais de traballo.*
- *Os condutores deberán estar en posesión de tódolos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente B, C, D, E, necesarios para a realización das funcións sinaladas, actualizados e en vigor, agas o condutor palista que debe ter como mínimo o carnet de conducir B, e os dous anos de experiencia acreditable en manexo de pala mixta, retroexcavadora ou pala cargadora. O palista deberá acreditar unha formación básica, ou curso de manexo de maquinaria de movemento de terras xa mencionadas neste parágrafo.*
- *Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.*
- *Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos ou no caso de palista no manexo de pala escavadora. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.*

7. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

- *Publicación na prensa local e taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, do inicio do procedemento de selección de candidatos ao programa.*
- *Realizar a solicitude de persoas candidatas as oficinas do SPEG, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de convocatoria.*
- *Comprobación da documentación requerida e o cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán rexeitadas e non*

accederan a fase de baremación. Se a comisión de selección así o considera, solicitarase as oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas.

- Baremación das persoas candidatas ao proceso de selección.
- Publicación das listaxes de candidatos baremados e a convocatoria á entrevista e proba práctica.
- Realización de entrevistas e proba práctica. A orde de realización, destes instrumentos de valoración persoal, poderá ser modificado pola comisión de selección encargada de desenvolver o proceso selectivo.

Publicación da listaxe de persoas candidatas seleccionadas e a contratar e listaxe de substitucións para cubrir posibles baixas e/ou renuncias.

Recoñecemento médico, ás persoas candidatas seleccionadas.

O Servizo de PRL deste Concello solicitará con carácter previo á contratación, o informe EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.

En todo caso, as persoas candidatas, terán a obriga de informar expresamente do seu estado biolóxico se teñen discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou cando se atopen en situacións transitorias, que non sexan compatibles coas exigencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo aos que optan.

Formalización dos contratos laborais-temporais, pola Alcaldía-Presidencia.

8. CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS.

A Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, determinará no momento da convocatoria de selección de beneficiarios/as:

1. Aprobar o número de persoas beneficiarias a contratar en cada posto de traballo do programa "VIGO EMPREGA".
2. Nomear a Comisión de Selección conforme se establece no punto 11 das presentes bases.
3. Baremación dos expedientes persoais/profesionais
4. A Comisión de Selección realizará as entrevistas e/ou probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.
5. Entrevista persoal (máximo 2 puntos)

A entrevista, debe entenderse como un aspecto determinante para poder avanzar no proceso de selección, xa que poderá avaliarse a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e ver de primeira man as reaccións do mesmo e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do programa.

- Realizáraselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude e aptitude de adecuación ao programa. Incidirase en aspectos vencellados a busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.
- Solicitarase das persoas candidatas información sobre: a experiencia profesional previa, opinión sobre as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.
- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a calificación NSNM (non supera a nota mínima), consideraránse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

- Sen esta calificación de “NSNM” na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.
6. Proba práctica (máximo 4 puntos)
- A Comisión de Selección propondrá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto de traballo. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do programa Vigo Emprega e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.
 - Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios, as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñanse conforme a profesión e as labores máis comúns que se teñen previsto desenvolver, conforme as obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.
 - Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en: obras públicas, xardinería ou limpeza.
 - No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase “NSNM” e quedará excluída do proceso de selección.
7. Publicación das listaxes de admitidos a contratar e listaxe de suplentes.

9. BAREMACIÓN DE CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS

Dada a natureza e especiais características do Programa VIGO EMPREGA, o procedemento de selección terá en conta as diferentes facetas das persoas beneficiarias candidatas ao posto de peón. Concretamente:

- Tentarase unha distribución que permita cando menos a presenza de:
 1. 3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo
 2. 30% persoas menores de 30 anos dos que o 50% será o primeiro emprego.
 1. 30% mulleres
 3. 19% persoas maiores de 45 anos.
 4. 18% persoas paradas de longa duración.
 - Levar un mínimo de 1 ano inscrito ininterrumpidamente como demandante de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, contando dende a data de solicitude de candidatos nas oficinas do SPEG e non superar, nesos doce meses anteriores, máis de 90 días traballados.

✓ Baremaranse os colectivos para o posto de Peón segundo o seguinte cadro:

COLECTIVO	PUNTUACIÓN
Persoa discapacitada	1
Muller	1
Xovenes menores de 30 anos.	1
Maior de 45 anos	0,5
Desempregado/a de longa duración	0,5

- *As persoas candidatas ao posto de peón que non perciban ningunha renda ou subsidio, 1 punto.*
 - *Persoas candidatas ao posto de oficial, capataz e persoal técnico administrativo beneficiario que non perciban ningunha renda ou subsidio 0,5 puntos.*
- ✓ *Valoraranse a experiencia laboral, formación e outros méritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver de persoal técnico e administrativo , capataces e oficiais.*
- *Experiencia laboral, imprescindible 2 anos como mínimo na mesma categoría. 0,1 puntos/mes. (máximo 5 puntos)*
 - *Formación (máximo.3 puntos)*

Relacionada co posto (recibida ou impartida) .:

<i>Por cada curso de entre 20 e 49 horas</i>	<i>0,10</i>
<i>Por cada curso de entre 50 e 99 horas</i>	<i>0,20</i>
<i>Por cada curso de entre 100 e 199 horas</i>	<i>0,30</i>
<i>Por cada curso de máis de 200 horas</i>	<i>0,40</i>

Relacionada coa Prevención de Riscos Laborais

<i>Curso básico de Prevención de entre 0 e 30 horas</i>	<i>0,20</i>
<i>Curso de Prevención de entre 31 e 50 horas</i>	<i>0,40</i>
<i>Curso de Prevención de máis 50 horas</i>	<i>0,60</i>

Relacionado directamente coa especialidade:

<i>Tarxetas ou carnet profesionais</i>	<i>0,50</i>
--	-------------

10. LISTAXES DE SUBSTITUCIÓN.

As persoas candidatas/os que non foran contratadas e tiveran superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as", para este programa de emprego e para postos de igual categoría e cualificación.

11. COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Composición:

- *O Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.*
- *Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará como Secretaria/o.*
- *Tres técnicos/as funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos.*

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do EBEP.

A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de

actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados pola Xunta de Goberno Local a proposta do Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, e a súa composición reunirá os criterios de imparcialidade, capacidade e cualificación técnica necesarias para o exercicio das súas funcións, cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal funcionario ou laboral do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que estime necesario.

Se abonarán asistencias aos membros da Comisión de selección de personal do programa "Vigo emprega", na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro polo que se aproba o regulamento da Lei 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

12. OUTRA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS CANDIDATAS.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente aos aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademais do estipulado no apartado 4 dunha duración temporal propia do Programa "Vigo Emprega" por convocatoria, dun máximo de 6 meses), as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa entre outros que a duración dos contratos das persoas aspirantes seleccionadas: máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda, sobre dito cumprimento dos aspirantes seleccionados, e ademais ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, formalizándose o contrato só ás persoas aspirantes seleccionadas que cumpran cos requisitos expostos, circunstancia da que se informa aos/as aspirantes.

- Fotocopia do informe de discapacidade e/ou incapacidade

emitido polas entidades competentes, nos casos en que proceda, e a discapacidade sexa igual ou superior ao 33%.O Servizo de PRL deste Concello solicitará con carácter previo á contratación, o informe EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver do posto de traballo ao que se presenta. No caso de enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, as persoas candidatas, terán a obriga de informar a comisión de selección e en todo caso, deberán presentar certificación médica que acredite o estado biolóxico compatible, da persoa candidata coas tarefas e funcións a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.

- *Máis información:*

Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias do programa VIGO EMPREGA (no Parque Central de Servizos do Concello), así como na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org>, e no taboleiro de anuncios do Concello.

9(1192).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2015. EXPTE. 6219/335.

Visto o informe xurídico do 7.10.15 e o informe de fiscalización do 19.10.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 6.10.15, conformado pola concelleira-delegada da Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Como consecuencia dunha resolución da concelleira delegada de Festas e Turismo de data 3 de outubro de 2015, iniciouse o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666), para a realización da “Festa do Magosto 2015”, o vindeiro 7 de novembro, na Praza do Berbés de Vigo.

Desde hai varios anos, o Concello vén organizando, en colaboración coa Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, a celebración deste evento, xa que o Concello non dispón dos medios suficientes para afrontar a organización en solitario destes eventos.

Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata de Reis, Entroido, etc.).

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

Este convenio prevé unha disposición dineraria de 7.470,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0013 (Convenio Federación peñas - Magosto) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Federación de peñas recreativas “El Olivo”, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O convenio non prevé máis obrigas por parte do Concello.

Pola súa banda, a entidade encargarse da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 7.700,00 euros.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

Dado o carácter cultural, cívico e social, responde ademais ó previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A presente axuda aparece nominativamente recollida a favor do destinatario dentro do capítulo 4 do presente orzamento (Convenio Federación Peñas - Magosto) do mesmo capítulo económico.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do en virtude do decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleira de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas "El Olivo" para a organización da "Festa do Magosto 2015".

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 7.470,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas "El Olivo" (CIF G-36.704.666), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0013 (Convenio Federación Peñas – Magosto) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2015.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2015.

Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ana Laura Iglesias González, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don Camilo Pais Martínez, como presidente da Federación de Peñas recreativas "El Olivo", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 6219/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Magosto”, na Praza do Berbés, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas, está interesado en preservar a cultura, o folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.

III. Que dende o ano 1996 se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.470,00 (sete mil catrocentos setenta) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Magosto 2013 na ribeira do Berbés o 7 de novembro.

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas “El Olivo” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 6219/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar coa Concellería Festas do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Magosto, que terá lugar na Praza do Berbés, e concretamente a:

1º.- Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que consta no expediente como anexo I e que foi confeccionado pola comisión organizadora.

2º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.

3º.- Asumir todo o concernente á organización da "FESTA DO MAGOSTO 2015", achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

4º.- Contratar todos os elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa (compra das castañas, aluguer dacarpa, equipos de luces e son, etc.).

5º.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse polo menos 500 carteis e pancartas exteriores.

6º.- Asumir a edición, produción e difusión de todo o material gráfico da programación do MAGOSTO 2015 para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.

7º.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

9º.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

10º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas no programa.

11º.- Deixar a zona da Praza do Berbés que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza.

12º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

13º.- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

14º.- Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da LG 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas recreativas "El Olivo", unha subvención por importe de 7.470,00 € (sete mil catrocentos setenta euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080.5077.9330.4001.6285 da entidade bancaria NOVAGALICIA BANCO, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da LG 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, dentro do exercicio económico e antes do cinco de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas pola resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou*

actividade non subvencionada pola prestación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividades foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 7.700 euros.

- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*
- *A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderáse substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 7.700,00 euros”*

Décimo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da LG 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo de Festas. O persoal técnico do antedito servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:

- 2 persoas designadas pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo".*
- En representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións: 1 técnico do Servizo de Festas.*

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2015 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira da Área de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da LG 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na LG 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo

responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade do Servizo de Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data antes indicados.

*A concelleira delegado da
Área de Festas e Turismo*

Ana Laura Iglesias González

*O Presidente da Federación de
Peñas recreativas El Olivo*

Camilo Pais Martínez

ANEXO I PROGRAMA

FESTA DO MAGOSTO CONCELLO DE VIGO 2015.

LUGAR: Praza do Berbés de Vigo.

DATA: 7 de novembro, sábado.

HORARIO: 18,00 a 21,30 horas.

Actividades:

16.30 h Comezo da preparación das castañas

18.00 h Apertura da Festa tradicional do Magosto ao público

18.30 h Actuacións.

19.30 h Lectura do Pregón: Carmela Silva

20.15 h Actuacións

21.30 h Finalización do evento.

10(1193).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á CONCELLERÍA DE IGUALDADE E MAILO CONCELLO MUNICIPAL DA MULLER PARA A REALIZACIÓN DO EVENTO “ENLAZA VIGO 2015” CO GALLO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 6876/224.

Dáse conta da proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 14.10.15, conformada pola concellería-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

Con motivo da conmemoración o vindeiro 25 de Novembro, do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, a Concellería de Igualdade e mailo Consello Municipal da Muller, presidido pola concelleira de Igualdade, logo do éxito acadado en anteriores edicións, propoñen volver a pór en marcha a iniciativa Enlaza Vigo, para reflectir o compromiso real do conxunto da cidadanía no combate do terrorismo machista. Esta iniciativa foi premiada no ano 2013 no Concurso de Boas Prácticas Locais contra a Violencia de Xénero, promovido pola Federación Española de Municipios e Provincias e pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero.

Case 2.000 alumnos e alumnas de ensino secundario de Vigo e unha ampla representación da cidadanía participaron na iniciativa Enlaza Vigo-Reacción Cidadá contra a Violencia de Xénero no ano 2014.

Nesta edición de 2015, [Enlaza Vigo](#) desenvolverá as seguintes accións:

I. Creación dun tapiz humano na rúa Colón e Urzaíz (mércores, 25 de novembro pola mañá).

Esta é a actividade central do evento ENLAZA VIGO, á que se convocará a participar a toda a cidadanía viguesa así como aos centros de ensino secundario da cidade. Haberá dinamización de actividades de rúa entre as 10:00 e as 13:00 horas do mércores 25 de novembro no tramo comprendido entre Urzaiz-República Arxentina; Colón-Uruguai e diante do museo MARCO, na rúa do Príncipe.

As actividades previstas son as seguintes:

- *Sonorización aérea do espazo de actividades do 20 ao 24 de novembro.*
- *Descarga de vallas para acote de espazo de actividade durante a tarde do 24 de novembro.*
- *Descarga de material para a montaxe do escenario da actividade. A partir das 7 da mañá do mércores, 25 de novembro.*
- *Chegada do alumnado dos centros de ensino o 25 de novembro entre as 10:00 e 11:40 h*
- *Realización de actividades de rúa: performance, actividades musicais, actividades artísticas, etc, o mércores, 25 de novembro entre as 10:00 e 12:00 h*
- *Realización dun tapiz humano con 2500-3000 persoas, o mércores, 25 novembro, entre as 11:40h-12:20 h.*

- *Lectura do manifesto central no escenario instalado ao carón da Farola de Urzaiz a cargo de representación do goberno municipal, o mércores, 25 novembro, entre 11:40 -12:20 h.*
- *Regreso do alumnado para os respectivos centros de ensino: mércores, 25 novembro, entre 12:20-13:00 h.*
- *Recollida das vallas e do material de escenario: mércores, 25 novembro, entre as 13.00 e 20:00 h.*

II. Realización dunha exposición colectiva sobre paneis (50 m lineais) colocados a ambos lados das escaleiras do Museo MARCO. Durante a semana do 18 ao 26 de novembro estarán expostas as obras realizadas polos centros de ensino e demais colectivos da cidade.

A exposición complementarase cunha carpa de 4x4 m e elementos de comunicación que durante ese período informará á cidadanía sobre o que é a violencia de xénero, como previla e os recursos sociais que hai en Vigo, así como información da actividade central de ENLAZA VIGO .

Para a realización das dúas actividades descritas, é necesario xestionar os seguintes trámites:

- *Autorización para uso de espazo público dianteiro do Museo Marco entre os días 18 ao 26 de novembro, coa colocación de soportes de exposición lineais, dunha carpa 4x4m e de elementos de comunicación.*
- *Autorización para carga e descarga de material os días 17 e 18 de novembro, no entorno do Museo MARCO.*
- *Conexión de luz para a carpa situado o punto de enganche no inicio do edificio do Museo Marco entrando por rúa Príncipe.*
- *Autorización para uso do espazo comprendido entre Urzaiz-República Arxentina e Colón-Uruguai o mércores 25 de novembro, con corte de circulación en horario comprendido entre 10:15 – 13:00 horas.*
- *Autorización para carga e descarga de material os días 24 e 25 de novembro.*
- *Autorización para a sonorización aérea do espazo citado.*
- *Conexión de luz para o escenario situado o punto de enganche no entorno da farola de Urzaiz.*
- *Autorización para o aparcamento de autobuses para descarga e carga de escolares nos entornos do espazo citado o mércores 25 de novembro.*
- *Dotación de servizo de policía local e de asistencia sanitaria para o mércores 25 de novembro.*

Unha vez autorizado o evento ENLAZA VIGO 2015 pola Xunta de Goberno Local, solicitaranse os permisos necesarios na oficina de Seguridade, Mobilidade e Transporte.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar á Concellería de Igualdade e mailo Consello Municipal da Muller a organizar o evento ENLAZAVIGO 2015, durante a semana do 18 ao 26 de novembro, con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1194).- TOMA DE COÑECEMENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN FORMULADA POLA CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE Á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAÚDABLES DA FEMP. EXPTE. 14409/310.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, de data 14.10.15, conformado pola concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

Antecedentes:

I.- O Pleno do Concello, en sesión do día 30 de setembro de 2002, acordou solicitar a adscrición como socio do Concello de Vigo á “Rede Española de Cidades Saúdables -FEMP-”.

II.- A mencionada rede que se incardina como unha sección da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ten por obxecto:

- Fomentar o proxecto da Organización mundial da saúde “Ciudades Saludables” o que se leva a cabo a través de asembleas e elaboración de documentación por comités técnicos. A rede, polo tanto, é o foro de comunicación de coñecementos e experiencias no ámbito da saúde pública das corporacións locais españolas.

III.- Segundo establecen as normas de funcionamento da sección da FEMP, Rede Española de Cidades Saúdables, os municipios poderán estar asociados ou estar unicamente adscritos a esta sección.

A pertenza á Rede como socios implica unha participación máis activa na rede ao ter dereito a voto nas asembleas que se realicen, mentres que os municipios adscritos so teñen voz pero non voto.

IV.- A pertenza á mencionada sección como “concello asociado” implica, tamén, satisfacer a cota que establece a Asemblea de Cidades que nos últimos anos está fixada en 3.000 euros ano que o Concello de Vigo ven pagamento con cargo á partida de gastos do “programa saúde comunitaria”.

V.- En abril de 2015, a rede remitiu por e-mail convocatoria de axudas ás entidades locais para o desenvolvemento de actuacións en mantería de saúde.

VI.- A xunta de Goberno Local en sesión do 17/07/2015, acordou:

“Ratificar as solicitudes de subvencións formuladas pola Concellería de Medio Ambiente á RECS da FEMP, segundo documentación obrante no expediente 14409/310, no marco do acordo de colaboración para o ano 2015 entre o Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade e a FEPP para a potenciación da RECS e implementación local da estratexía de promoción da saúde e prevención, dos seguintes proxectos:

- Proxecto de terapia asistido por cans cun custe no periodo subvencionable, 23 de abril a 22 de outubro de 2015, de 10.800 euros (IVE 10% engadido), sendo a axuda solicitada do 55% o que suporía un importe máximo de 5.940 euros (IVE 10% engadido).*

- *Proyecto de información nutricional, alimentación saludable, para nenos e pais, desenvolto en xuño de 2015, cun custe de 9.075 euros (IVE 21% engadido), sendo a axuda solicitada do 55% daquel cun importe máximo de 4.991,25 euros (IVE 21% engadido)."*

VII.- A FEMP mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 09/09/2015 (doc. 150110901), comunica a concesión da subvención nos seguintes importes.

- Proxecto de terapia asistido por cans cun custe no periodo subvencionable, 23 de abril a 22 de outubro de 2015, de 10.800 euros (IVE 10% engadido), sendo a axuda concedida de 4.249,50 euros.
- Proyecto de información nutricional, alimentación saludable, para nenos e pais, desenvolto en xuño de 2015, cun custe de 9.075 euros (IVE 21% engadido), sendo a axuda concedida de 3.570,76 euros.

VIII.- Os referidos proxectos foron executados por este Concello: Área de Medio Ambiente segundo procedementos de contrato menor núms. 14239/310 e 14300/310 debidamente autorizados e fiscalizados polo que a subvención non supoñe ningún gasto máis que os xa autorizados e fiscalizados.

Fundamentos xurídicos:

I.- As actividades obxecto de subvención e desenvolistas pola administración municipal son de interese e competencia municipal toda vez que:

A lo menos nos últimos catro anos, nos orzamentos municipais, dentro do programa de gasto de Accións Públicas Sanitarias, dótase a partida orzamentaria 3113 (antes 3134).227.99.00 PLAN SAÚDE cun importe de 50.000 euros.

A cargo da dita partida véñense desenvolvendo actividades de fomentos de hábitos de vida saudables: terapia asistida por cans, realización de medicións antropométricas para a prevención de problemas cardiovasculares, información alimentación saudable e desenvolvemento de actividades deportivas saudables (Exptes. 13140/310, 13652/310, 13131/310, 13653/310, 13315/310, 13911/310)

Estas actividades que poderían incardinarse dentro de actividades de saúde, non estarían dentro das materias do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, trala modificación introducida por Lei 27/2013, de 27 de decembro, que sinalan como propias do municipio segundo dispoña a lexislación do estado e da c.a.; non obstante se se consideran como actividades de ocupación do tempo de lecer ou medioambientais -aspecto do que tamén se dotan- encadraríanse dentro das actividades propias do municipio previstas no artigo. 25.2.) e b) da citada Lei 7/1985, de 2 de abril.

En todo caso, o artigo 3, apartados 3.a) e b) da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, permite "a sensu contrario" que os Concellos continúen co desenvolvemento de servizos xa establecidos ou a continuación de actividades de fomento xa establecidas en exercicios anteriores, como é, en todo caso, das referidas actividades.

II.- A subvención, non supón gastos para o Concello xa que, como se indicou con anterioridade, os proxectos subvencionados están sendo xa executados pola Administración municipal, estando o gasto fiscalizado e autorizado.

III.- Ao abeiro da resolución de delegación de atribucións do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, cómpre que o devandito órgano tome coñecemento da subvención concedidas en virtude do acordo adoptado en sesión do 17 de xullo de 2015 que ratificou a súa petición.

Polo exposto, proposta á Xunta de Goberno a adopción so seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- TOMAR COÑECEMENTO da concesión das subvencións formuladas pola Concellería de Medio Ambiente á RECS da FEMP, segundo documentación obrante no expediente 14409/310, no marco do acordo de colaboración para o ano 2015 entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a FEOP para a potenciación da RECS e implementación local da estratexia de promoción da saúde e prevención, e ratificadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17 de xullo de 2015, nos seguintes importes:

- Proxecto de terapia asistido por cans cun custe no periodo subvencionable, 23 de abril a 22 de outubro de 2015, de 10.800 euros (IVE 10% engadido), sendo a axuda concedida de 4.249,50euros.
- Proxecto de información nutricional, alimentación saudable, para nenos e pais, desenvolto en xuño de 2015, cun custe de 9.075 euros (IVE 21% engadido), sendo a axuda concedida de 3.570,76 euros.

o que conleva a obriga de executar ditos proxectos e cumprir coas bases da convocatoria para a súa xustificación e pagamento.

SEGUNDO .- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, en virtude da delegación de atribucións do alcalde de data 19 de xuño de 2015 (BOP 14/07/2015), asinará os documentos procedentes esixidos pola FEMP no marco desta convocatoria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1195).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DOS CONDUTORES DA ALCALDÍA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE 2015. EXPTE. 27147/220.

Visto o informe de fiscalización do 14.10.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de condutor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para percibir un complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requiridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

O director do Gabinete da Alcaldía, a través de escrito de data 05 de outubro de 2015, solicita se lles abone un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base i) da Instrución 3ª sobre o cadro de persoal e Relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas.

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 07/10/15, autorizou o referido o abono dun complemento de produtividade polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo durante o 3º trimestre-2015.

Fundamentos de dereito:

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuílo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo corresponde a Xunta de Goberno Local.

A este respecto, as vixentes instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010, publicadas no BOP de data 16 de novembro seguinte, en concreto a citada instrución 3ª i), establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía e Policías-seguridade da Tenencia da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Xunta de Goberno Local e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía e da Tenencia da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considérase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,58 € hora normal e de 7,17 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

–D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.139,54 €.

–D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, condutor da Alcaldía, por un importe total de 1.724,59 €.

O importe deste expediente ascende a un total de 3.864,13 €, e imputaríase con cargo a partida 920.0.150.00.00 -produtividade-, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de Gastos.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concurrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que estes tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, o técnico de organización e planificación que subscribe, coa conformidade da xefa do servizo de Recursos Humanos, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como condutores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante ó 3º trimestre do presente ano 2015, de conformidade coa proposta do director do Gabinete da Alcaldía, de data 5 de outubro de 2015:

–D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.139,54 €.

–D. Camilo Fontán Balbuena, núm. Persoal 22326, condutor da Alcaldía, por un importe total de 1.724,59 €.

O importe total deste expediente, que ascende a un total de 3.864,13 €, imputarase con cargo a partida 920.0.150.00.00 -produtividade-, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de Gastos.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1196).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO 2015. EXPTE. 27150/220.

Visto o informe de fiscalización do 14.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 7.10.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 5/10/2015, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Setembro de 2015, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).

Así mesmo, no informe de data 31/08/2015 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por este servizo de Recursos Humanos, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, acordase a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto

920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO :

Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de setembro-2015 e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 1.044,68 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo

CONCELLO DE VIGO		CEMITERIOS	255	MES DE SETEMBRO		ANO 2015
Nº de persoal	Apelidos e nome			Importe día	Días traballados	Total euros
23490	Alfonso Paz, Jesús			3,64	16	58,24 €
78372	Alvarez Lago, Jesús			3,64	20	72,80 €
13600	Cabaleiro González, José			3,64	22	80,08 €
77225	Cid González, Alberto			3,64	22	80,08 €
82216	Comis González, Esteban			3,64		
77691	Conde Lorenzo, Héctor			3,64	16	58,24 €
78122	Costas Riveiro, Rafael			3,64	14	50,96 €
79828	Cousiño Sendin, M ^a Concepción			3,64	18	65,52 €
82747	Curras Villar, Manuel			3,64	17	61,88 €

78924	González Seijo, Antonio	3,64	22	80,08 €	
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,64	22	80,08 €	
76563	Pereira Fona, Juan José	3,64	22	80,08 €	
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,64	22	80,08 €	
82215	Rodríguez Torres, Javier	3,64	11	40,04 €	
77224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,64	22	80,08 €	
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,64	21	76,44 €	
			Importe total	287 días	1.044,68 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1197).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO 2015. EXPTE. 27152/220.

Visto o informe de fiscalización do 14.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 7.10.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relacións do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de Setembro-2015, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade

e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboaase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de Setembro de 2015.

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polo persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos,

suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación de gasto 920.0.1500000-"Produtividade", proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Produtividade", por importe de 338,85 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

N.P.	Apelidos e Nome	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	88'88 €
09722	Pardellas Avion, A. Avelino	16,66 €
22790	Sousa Atrio, José Manuel	111,10 €
81369	Seijas Fernández, Alberto	122,21 €
IMPORTE TOTAL.....		338'85 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

GAGO LOUZAO BEATRIZ-consulta dermatólogo denegada cubre s social

GONZÁLEZ ARIAS OLGA-denegada non pertence ao cadro de persoal

NUÑEZ VÁZQUEZ TATIANA-consulta dermatólogo denegada cubre s.social

GARCIA SOTO FRANCISCO JOSÉ-denegado por falta documentación

MARTINEZ PARDO CAYETANA-denegado non pertence ao cadro de persoal

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1202).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) PERMISO NON RETRIBUÍDO DE DNA. XOANA SONEIRA VILLARINO ENTRE AS DATAS 19/10/2015 A 17/11/2015. EXPTE. 27123/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 9.10.15, que di o seguinte:

A medio escrito de data 30/09/2015 (doc. nº 150123567) D^a Xoana Soneira Villarino, con NIF 36.163.678-L e núm de persoal 82181, auxiliar de administración xeral interina, adscrita ao Servizo de Benestar Social, solicita permiso non retribuído do 19 de outubro ao 17 de novembro de 2015 (ámbolos dous inclusive).

En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:

O vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo" contempla no seu artigo 17.a) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por causa xustificada e sempre que o permitan as necesidades do servizo: 3 meses como máximo cada dous anos, en períodos mínimos de 15 días, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte deste Servizo de Recursos Humanos non se observan impedimentos ao otorgamento do referido permiso, dado que pola Sra. Xefa do Servizo de Benestar Social, infórmase con data 08/10/2015 que pode asumirse o permiso solicitado, toda vez que o servizo queda cuberto.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal-Persoal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 19 de xuño de 2015, sométese a súa consideración, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Autorizar a D^a Xoana Soneira Villarino, con NIF 36.163.678-L e núm de persoal 82181, auxiliar de administración xeral interina, adscrita ao Servizo de Benestar Social un permiso non retribuído do 19/10 ao 17/11/2015 (ámbolos dous inclusive), de conformidade co previsto no art.17.a) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, Xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notifica-

ción ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

O concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, con data 9.10.15, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) PERMISO NON RETRIBUÍDO DE DNA. AZUCENA MALVIDO RODRÍGUEZ ENTRE AS DATAS 19/11/2015 A 18/12/2015. EXPTE. 27137/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 13.10.15, que di o seguinte:

A medio escrito de data 05/10/2015 (doc. nº 15012704) D^a Azucena Malvido Rodríguez, con NIF 78.739.579-E e núm de persoal 78717, Diplomada en Traballo Social, adscrita ao Servizo de Benestar Social, solicita permiso non retribuído do 19 de novembro ao 18 de decembro de 2015 (ámbolos dous inclusive).

En relación con dita solicitude emíttese o seguinte informe:

O vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo" contempla no seu artigo 17.c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte deste Servizo de Recursos Humanos non se observan impedimentos ao otorgamento do referido permiso, dado que pola Sra. Xefa do Servizo de Benestar Social, infórmase con data 08/10/2015 que pode asumirse o permiso solicitado, toda vez que o servizo queda cuberto.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal-Persoal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 19 de xuño de 2015, sométese a súa consideración, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Autorizar a D^a Azucena Malvido Rodríguez, con NIF 78.739.579-E e núm de persoal 78717, Diplomada en Traballo Social, adscrita ao Servizo de Benestar Social un permiso non retribuído do 19/11 ao 18/12/2015 (ámbolos dous inclusive), de conformidade co previsto no art.17.c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüedad, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, Xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

O concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, con data 13.10.15, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) RECTIFICACIÓN DE ERROS EN ACTO ADMINISTRATIVO DO EXPTE. MATRIZ NÚM.: 26995-220 (REDUCCIÓN DE XORNADA LABORAL DE DNA. LARA RODRÍGUEZ RIAL). EXPTE. 27149-220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 7.10.15, que di o seguinte:

Por Resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 24/09/2015 (expediente administrativo nº 26995-220) autorizouse a D^a Lara Rodríguez Rial, nº de persoal 80.574, unha redución de xornada por motivos de conciliación familiar, de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Detectado erro no tempo de redución de xornada, dado que na resolución autorizase unha hora trinta minutos (1h 30 min) cando debería ser de unha hora (1h) procede a rectificación do acto administrativo.

Segundo establece o artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos.

En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Rectificar, de conformidade co previsto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Resolución de data 24/09/2015 (expediente administrativo nº 26995-220) autorizatoria de redución de xornada a D^a Lara Rodríguez Rial, nº de persoal 80.574, debendo figurar a referencia a "1 hora" en lugar de a "1 hora trinta minutos", mantendo os restantes extremos da resolución indicada.

Segundo.- Dar da conta da presente resolución á interesada, Xefatura do Servizo de destino, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) así como á Xunta de Goberno Local".

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, con data 7.10.15, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

20(1203).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 22.931,69 € A FAVOR DE TAELO S.COOP. POLO SERVIZO DE TRUNKING PARA A POLICÍA LOCAL E BOMBEIROS - MAIO, XUÑO E XULLO DE 2015. EXPTE. 45082/212.

Visto o informe de fiscalización do 14.10.15, dáse conta do conta do informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 6.10.15, conformado polo intendente-xefe da Policía Local e polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A mercantil TAELO S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 presenta a través da plataforma FACE a factura de data 18/08/2015, nº. TR80072/15 (expte. 45081/212) por importe de 22.931,69 €, IVE engadido, polo concepto de "infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións, correspondente aos meses de maio, xuño e xullo de 2015".

Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar "expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 pola prestación do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios, correspondente aos meses de maio, xuño e xullo de 2015, por importe de 22.931,69 €, IVE engadido, segundo factura Nº. TR80072/15".

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedien-

tes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. - A factura trae causa dunha prestación de servicios levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non comenza a prestación efectiva do servizo de comunicacións a través da rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia, prevista en principio para finais do 2014 ou principios do 2015 e que, finalmente, vai retrasar o comezo operativo ata principios de 2016.

Segundo se afirma na memoria, a rede de radiocomunicacións móbiles baseada na tecnoloxía estándar TETRA, promovida pola Xunta de Galicia en cumprimento do mandato contido na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestructuras de telecomunicacións de Galicia, ofrecerá servizos de comunicación de voz e datos aos organismos da Xunta relacionados coa seguridade e emerxencias e, a mesma, poderanse incorporar nas condicións e termos que reglamentariamente se determinen outras entidades públicas galegas con competencias neste ámbito; sendo ademáis esta tecnoloxía a recomendada pola UE para as comunicacións vinculadas á seguridade pública.

Certamente, as vantaxes que derivan da prestación pública do servizo e que se detallan na memoria, en canto reveladoras dunha maior idoneidade da calidade das comunicación para a prestación dos servizos de policía e prevención e extinción de incendios, e de unha maior economía do servizo para o Concello de Vigo, determinan e reclaman a opción inmediata polo servizo público de radiocomunicacións como a máis satisfactoria para o interese público.

En efecto, a Xunta de Goberno Local, na súa reunión do 25 de setembro de 2015, aprobou a adhesión do Concello de Vigo á rede antes referida, para os servizos de Policía, Bombeiros e Protección Civil, expte.: 44940/212, segundo o modelo de adhesión aprobado como anexo III, polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de 21 de maio de 2015.

Segundo as previsións comunicadas por AMTEGA, o suministro dos terminais farase en decembro e, en xaneiro de 2016 xa pode estar en funcionamento o servizo trala programación e instalación dos terminais.

O contrato coa mercantil rematou o 31 de maio e en tanto no se transita hacia o sistema público o Concello vai seguir precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e extinción de incendios.

Non en tanto a prestación durante este periodo de tránsito carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual. A forte inversión que require a infraestrutura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquer empresa distinta da última adxudicataria- TAELO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademáis a adxudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAELO, adxudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestrutura de comunicacións, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o periodo da prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto. Por outra parte, dada a singular e ventaxosa situación na que se atopa a comercial non resulta vulnerado o principio de igualdade.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- A factura responde aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

En canto ao importe da factura, de 22.931,69 € (IVE engadido), responde a estimacions de mercado e as propias previsións do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de características do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking). Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorporouse tamén unha declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demáis axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- O servizo de radiocomunicacións resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local e prevención e Extinción de Incendios; ambos servizos constitúen materias sobre as que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) e 26.1,c) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .

A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, levase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade; a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local; a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de, ACORDO:

1. Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe de 22.931,69 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción

de Incendios correspondente ao período de maio, xuño e xullo de 2015, segundo factura Nº. TR80072/15, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1204).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 15.287,79 € A FAVOR DE TAELO S.COOP. POLO SERVIZO DE TRUNKING PARA A POLICÍA LOCAL E BOMBEIROS – AGOSTO E SETEMBRO DE 2015. EXPTE. 45450/212.

Visto o informe de fiscalización do 16.10.15, dáse conta do conta do informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 13.10.15, conformado polo intendente-xefe da Policía Local e polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A mercantil TAELO S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 presenta a través da plataforma FACE a factura de data 01/10/2015, nº. TR80096/15 (expte. 45449/212) por importe de 15.287,79 €, IVE engadido, polo concepto de “infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións, correspondente aos meses de agosto e setembro de 2015”.

Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar “expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 pola prestación do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios, correspondente aos meses de agosto e setembro de 2015, por importe de 15.287,79 €, IVE engadido, segundo factura Nº. TR80096/15”.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A factura trae causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non comenza a prestación efectiva do servizo de comunicacións a través da rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia, prevista en principio para finais do 2014 ou principios do 2015 e que, finalmente, vai retrasar o comezo operativo ata principios de 2016.

Segundo se afirma na memoria, a rede de radiocomunicacións móbiles baseada na tecnoloxía estándar TETRA, promovida pola Xunta de Galicia en cumprimento do mandato contido na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestructuras de telecomunicacións de Galicia, ofrecerá servizos de comunicación de voz e datos aos organismos da Xunta relacionados coa seguridade e emerxencias e, a mesma, poderanse incorporar nas condicións e termos que reglamentariamente se determinen outras entidades públicas galegas con competencias neste ámbito; sendo ademais esta tecnoloxía a recomendada pola UE para as comunicacións vinculadas á seguridade pública.

Certamente, as vantaxes que derivan da prestación pública do servizo e que se detallan na memoria, en canto reveladoras dunha maior idoneidade da calidade das comunicacións para a prestación dos servizos de policía e prevención e extinción de incendios, e de unha maior economía do servizo para o Concello de Vigo, determinan e reclaman a opción inmediata polo servizo público de radiocomunicacións como a máis satisfactoria para o interese público.

En efecto, a Xunta de Goberno Local, na súa reunión do 25 de setembro de 2015, aprobou a adhesión do Concello de Vigo á rede antes referida, para os servizos de Policía, Bombeiros e Protección Civil, expte.: 44940/212, segundo o modelo de adhesión aprobado como anexo III, polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de 21 de maio de 2015.

Segundo as previsións comunicadas por AMTEGA, o suministro dos terminais farase en decembro e, en xaneiro de 2016 xa pode estar en funcionamento o servizo trala programación e instalación dos terminais.

O contrato coa mercantil rematou o 31 de maio e en tanto no se transita hacia o sistema público o Concello vai seguir precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e extinción de incendios.

Non en tanto a prestación durante este período de tránsito carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual. A forte inversión que require a infraestrutura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquera empresa distinta da última adxudicataria- TAELO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademais a adxudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAELO, adxudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestrutura de comunicacións, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o período da prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto. Por outra parte, dada a singular e ventaxosa situación na que se atopa a comercial non resulta vulnerado o principio de igualdade.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- A factura responde aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

En canto ao importe da factura, de 15.287,79 € (IVE engadido), responde a estimacións de mercado e as propias previsións do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de características do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking). Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorporouse tamén unha declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demais axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- *O servizo de radiocomunicacións resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local e prevención e Extinción de Incendios; ambos servizos constitúen materias sobre as que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) e 26.1,c) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .*

A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, levase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade; a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local; a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Quinto.- *A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.*

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

1. Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe de 15.287,79 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios correspondente ao período de agosto e setembro de 2015, segundo factura Nº. TR80096/15, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1205).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARINA". EXPTE. 3470/440

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.10.15, e o informe de fiscalización do 16.10.15, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 8.10.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro-

delegado de dita Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- Con data 14 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA DE SANTA MARINA", redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS: LUIS VILAR MONTORO e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO: ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DOUS MIL CENTO SETENTA E SETE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (102.177,87 €) e que se contén no expediente 2544-440, no cal dito proxecto consta anexado e asinado polo Xefe de Área de Fomento en data 7 de agosto de 2014.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de maio de 2015, entre outros asuntos acordou:

1º.- Aceptar a cesión gratuíta de parte do terreo sito na Avda. Santa Marina nº 233, dunha superficie de 116 m2, tal como figura debidamente deslindado no plano de detalle incorporado ao expediente, que ofrecen este Concello os seus titulares D. Francisco Javier Rodríguez Oliveira y D. Jonathan Rodríguez Oliveira, con destino a mellora e ensanche do trazado da Avda. Santa Marina en Cabral e baixo as seguintes condicións:

A) Que sexa destinada ao uso público como parte do vial que se pretende acondicionar, unha vez incluída no proxecto construtivo.

B) Que o Concello execute a totalidade das obras que precise acometer no terreo que se cede, ao seu exclusivo cargo, sen posibilidade de repercutirle en todo ou en parte o seu custo, (incluíndo o acondicionamento e preparación do mesmo para o fin perseguido e, se fora preciso, a construción do muro de contención necesario para conter a terra da parcela colindante coa que se cede para o uso público).

Por isto o Concello de Vigo, unha vez aceptada a cesión, será o único responsable dos danos e prexuízos que por calquera motivo se ocasionen directa ou indirectamente a calquera persoa, cousa ou dereito, derivados das obras ou do uso posterior do terreo que se cede.

Tamén estará obrigado a indemnizar aos cedentes polos danos e prexuízos que, no seu caso, se lle puideran esixir por parte de terceiros derivados da execución das obras ou do uso dos terreos que se ceden.

C) Que todos os gastos e tributos derivados da cesión serán por conta do Concello de Vigo.

Entre estes gastos se incluírán os notariais e rexistráís e os de conservación e mantemento do terreo cedido e da totalidade dos elementos e accesorios que sobre o mesmo se instalen (mobiliario urbano, alumeado, sinalización, infraestruturas de servizos, etc.) .

D) Que se lle recoñeza o aproveitamento urbanístico de parcela que ceden, que quedará incorporado a aquela da que se segrega.

E) Que a cesión quedará sen efecto se o Concello non cumprirá as anteriores condicións.

O citado acordo de cesión foi asinado en documento público de data 11 de agosto de 2015 o cal se anexa o presente expediente e se adxunta copia.

O proxecto para as obras de "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA DE SANTA MARINA", aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de agosto de 2014,

foi redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS: LUIS VILAR MONTORO e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO: ÁLVARO CRESPO CASAL, e atópase anexado ao expediente 2544/440

Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 10 de setembro de 2015, dar inicio do correspondente expediente de contratación.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL, correspondese co expediente administrativo 2544/440.
- Acta de replanteo asinada polo Xefe da Area de Fomento D. Alvaro Crespo Casal con data 10/09/2015 .
- Prego de prescricións técnicas particulares atópase, no proxecto redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS: LUIS VILAR MONTORO.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 02/10/2015.
- Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 2 de outubro de 2015.
- Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.

2.- Condicións definitivas do contrato.

Destacan as seguintes:

a.- Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do presente expediente contempla a contratación das obras previstas no proxecto "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA DE SANTA MARINA",

O proxecto considera as seguintes actuacións:

Prevese a demolición da vivenda presente na marxe impar no número 233, logo da retirada da cuberta de fibrocemento existente.

Execútase un muro de formigón armado de altura variable que irá oscilando en progresión dende 0 ata 2,50 m reducíndose gradualmente a altura ao inicio e ao final da actuación adaptándose á rasante da calzada.

Execútase unha acometida de saneamento con tubería de 315 mm de diámetro, e duns 50 m de lonxitude unindo a parcela 231 ao pozo da rede de saneamento que discorre por medio da calzada actual.

- Contigua á vivenda existente no lado impar e apoiada enriba da cabeza do muro, executarase unha beirarrúa de formigón de 15 cm de espesor nunha lonxitude aproximada de 25 m. A está beirarrúa instalaráselle unha varanda de aceiro inox en calidade AISI 316 L nas zonas con chanzo lateral de mais de 30 cm.

- Ao sobre ancho ganado e unha vez acondicionado, se lle extenderá unha capa de 7 cm de mezcla bituminosa, igualando a rasante co aglomerado existente como regularización. Posteriormente se extenderá unha capa de 5 cm de mezcla bituminosa, en toda a zona de actuación da calzada.

Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, ao tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de “investimentos reais”.

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o proxecto anexado o expediente 2544/440.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) “infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade”.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación urxente de acordo co informe que xustifica a urxencia e o informe complementario de datas 10/09/2015 e data 02/10/2015.

c.- Orzamento base de licitación.

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está determinado en base ao proxecto de acordo cos seguintes datos:

O orzamento base de licitación establecece nun importe de CIENTO DOUS MIL CIENTO SETENTA ESETE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (102.177,87 €) (ive incluído), correspondendo ao IVE o importe de DAZASETE MIL SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON TRINTA E CINCO CENTIMOS. – 17.733,35 €, de acordo co proxecto redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS: LUIS VILAR MONTORO.

O valor estimado do contrato estipúlase en CIENTO UN MIL TRESCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CUARENTA E DOUS CENTIMOS (101.333,42 €).

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato establecece nun importe de CIENTO DOUS MIL CIENTO SETENTA ESETE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (102.177,87 €) (ive incluído), correspondendo ao IVE o importe de DAZASETE MIL SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON TRINTA E CINCO CENTIMOS. (17.733,35) €

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS EN PARROQUIAS”, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto, establecece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de

Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

d.- Prazo de execución e prórroga.

De acordo co proxecto de execución das obras, o prazos máximos de execución establécense en 3 (tres) meses.

O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:

–A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.

–Incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.

–Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mútuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.

e.- Revisión de prezos.

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, dado que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

f.- Prazo de garantía.

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

g.- Esixencia de Clasificación.

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato. Se poderá presentar a clasificación seguinte:

Grupo G, Subgrupo 6, Categoría c., como acreditación da solvencia económica e financeira.

Grupo C, Subgrupos: 3, Categoría F

h.- Subcontratación.

Considerase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

i.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.

Dacordo coas indicacións técnicas referidas no proxecto de execución de obra aprobado para este expediente, e a xuízo do técnico que subscribe esta proposta, considérase necesario especificar que o persoal mínimo a adscribir á obra para atender aos criterios contemplados no proxecto, será o que a continuación se detalla:

<i>Persoal</i>	<i>Horas</i>
<i>Xefe de Obra – Enxeñeiro superior ou técnico de obras públicas</i>	<i>240</i>
<i>Topógrafo</i>	<i>48</i>
<i>Capataz</i>	<i>480</i>
<i>Oficiais de 1ª</i>	<i>480</i>
<i>Peóns ordinarios</i>	<i>480</i>

k.- Modificación do contrato.

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

Aspectos a modificar: As unidades de obra de demolición, movemento de terras, saneamento, estruturas de contención e pavimentación.

Circunstancias que determinan a modificación: Que no subsolo afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto. Criterios de adaptación ao entorno, sempre a cando este sufra modificacións con posterioridade á data de redacción do proxecto..

Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20%.

Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

l.- Responsable do Contrato.

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

m.- Criterios de valoración e xustificación.

De acordo coas peculiaridades específicas do obxecto do contrato se dará máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato, se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas. Polo cal establececese a seguinte proposta de criterios, os cales terán a seguinte aplicación.

a.- En relación aos criterios avaliados por xuízo de valor, se propón unha aplicación dun 20 % da puntuación total.

b.- En relación aos criterios avaliados a través de fórmula, se propón unha aplicación dun 80 % da puntuación total.

Para a determinación dos procesos de valoración das ofertas a través dos criterios por xuízo de valor, e de acordo co punto 4. do artigo 150 do TRLCSP, se determinará a ponderación relativa a aplicar en cada un dos criterios seguintes:

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: se valorará con ata 15 puntos.

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 5 puntos
- Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 5 puntos
- Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra o cal deberá contemplar: se valorará con ata 5 puntos

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: se valorará con ata 3 puntos.

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2 puntos
- Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 1 puntos

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS: se valorará con ata 2 puntos.

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 1 puntos
- Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións dos contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 1 puntos.

A puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada atendendo seguindo as seguintes regras:

1. Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada criterio ás propostas que desenvolvan cun alto grado de detalle a funcionalidade e requisitos esixidos en cada un dos criterios obxecto de avaliación os cales deberán conter unha representación gráfica adecuada.

2. Descontarase un 30 % da puntuación máxima prevista para o criterio, ás propostas que non conteñan un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no mesmo. Esta valoración poderá ser minorada cun 15 % da puntuación máxima do criterio, por cada un dos puntos incluídos no mesmo e non desenvolto, ou no caso de que a súa xustificación non se adecúe ó obxecto do

criterio a avaliar. Estes descontos serán acumulativos, no entanto, non poderá descontarse máis que a puntuación máxima previstas para o criterio a avaliar.

3. A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas conteñan aspectos contraditorios internos tanto en relación ó contido do criterio como en relación co proxecto, ou ben non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra.

As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou do nº de follas máximas fixadas para o criterio, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ó mesmo.

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVES DE FÓRMULA.

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 80 puntos que serán distribuídos nos seguintes criterios:

B.1.- Prezo ofertado. O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SETENTA (70) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

B.2.- Prazo de garantía. Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establece en 12 meses.

o.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

En relación a determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas o proposición con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, débense ter en conta os aspectos expostos na memoria de xustificación dos criterios de avaliación deste expediente no cal se determina e xustifica os seguintes aspectos:

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións en relación a oferta económica cunha baixa ofertada (B_i) a que se sumará o importe do valor das melloras ofertadas, que cumpra as seguintes condicións:

1. Exceda en ($K \cdot \delta'$) ó valor da "baixa de referencia" (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K \cdot \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_i = Baixa da oferta realizada sobre o prezo de licitación a que se sumará o importe total das melloras ofertadas, para a que se quere valorar, a cal será calculada coma a porcentaxe que represente (o importe da suma da baixa ofertada -IVE excluído- mais o importe total das melloras ofertadas -IVE excluído-) co orzamento base de licitación (IVE excluído). O valor desta suma, será expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído) de todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

B_r = valor mínimo entre (B_m ou B'_m)

B_m = Baixa media calculada

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

B'_m = media aritmética das (B_i) ofertadas que cumpran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

δ = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

K = factor de temeridade, $K=0,5$

δ' = desviación típica das (B_i) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de B'_m

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados

2. Exceda en 2.5 ou máis unidades porcentuais ó valor da "baixa de referencia" (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa inferior a cinco.

Para este suposto de menos de 5 empresas licitadoras admitidas; B_r = media aritmética das (B_i) ofertadas.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 2.5$ si $n < 5$

Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior. Para os efectos de establecer este promedio terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

3.- PROPOSTA:

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente das obras do proxecto "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA DE SANTA MARINA".

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 02/10/2015.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de CENTO DOUS MIL CENTO SETENTA ESETE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (102.177,87 €) (ive incluído),

correspondendo ao IVE o importe de DAZASETE MIL SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON TRINTA E CINCO CENTIMOS. – 17.733,35 €, de acordo co proxecto redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS: LUIS VILAR MONTORO.

O valor estimado do contrato estipulase en CENTO UN MIL TRESCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CUARENTA E DOUS CENTIMOS (101.333,42 €).

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS EN PARROQUIAS", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Cuarto: *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1206).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 27.985,76 € A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCAMENTO SITO NO SUBSOLO DA PRAZA DE PORTUGAL – AGOSTO 2015. EXPTE. 838/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 13.10.15, conformado pola concelleira-delegada de Transportes, que di o seguinte:

En base ao disposto no Decreto de Delegación de competencias ditado pola Alcaldía na data de 19 xuño de 2015, inclúense competencias en materia de aparcamentos públicos na Area de Transportes, polo que remítense a este servizo as facturas presentadas por Interparking Hispania SA polos servizos de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da praza de Portugal. Ditas facturas así como o expediente que orixina as mesmas, con anterioridade eran xestionadas na Area de mobilidade, transportes e seguridade .

ANTECEDENTES : Consultados os antecedentes obrantes nos servizos municipais comprobouse o seguinte :

Ante a finalización da concesión para a xestión do aparcadoiro sito no subsolo da Praza de Portugal o 4 de maio de 2011, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2011 (exp. nº 79773/210), acordou aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público ata tanto non se rematase a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adxudicase a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.

Con data 04 de maio de 2011, o Concelleiro Delegado de Mobilidade asinou un contrato menor de servizos a prol de "INTERPARKING HISPANIA, S.A". En virtude deste contrato (Exp. nº 80201/210/2011), cunha duración de catro meses máximo, dita entidade mercantil prestaría o servizo consistente na realización de actuacións de apoio ao funcionamento ordinario do aparcamento sito na Praza de Portugal . O destinatario das prestacións neste contrato era a propia Administración Municipal, sendo esta quen debía retribuír mensualmente ao contratista

polos servizos prestados, con cargo á partida orzamentaria 1330 2270605 por un importe mensual de 5.309,70 € (iva engadido) Asemade, a cláusula 3ª do contrato menor de servizos establecía que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" asumiría provisionalmente o pagamento dos gastos de funcionamento do aparcamento (ex. auga, luz ...), xirando inmediatamente dita facturación ao Concello para o seu reembolso. Dito contrato menor, que finalizou o 04 de setembro de 2011, asinábase ao amparo do establecido no art. 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En data 04 de setembro de 2011, o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade asina una Instrución autorizando á mercantil "INTERPARKING HISPANIA, S.A" a continuar prestando o servizo nas mesmas condicións que o viña realizando anteriormente, e manifesta que ditos servizos retribuiríanse a través dunha indemnización substitutiva ao abeiro do previsto na base 28ª das de execución do orzamento municipal. Asemade, consta Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012 autorizando á mercantil a continuar prestando os servizos nas mesmas condicións que o ven realizando ata tanto non se adxudique o servizo público referido.

O expediente de adxudicación da xestión do aparcadoiro estaba pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación solicitado na data 7 de maio de 2013 non obstante ante o transcurso do prazo razoable para a emisión do mesmo, iniciouse un novo expediente para a adxudicación da xestión do servizo público con número 429/449 en trámite na actualidade, polo que INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven achegando mensualmente a facturación polos servizos que está a prestar sen cobertura contractual. De non tramitar esta facturación, con arreglo á base 28ª das de execución do orzamento mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven prestando os servizos en base á Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012.

A FACTURACION e a seguinte :

AGOSTO 2015

Concepto	Nº factura	Importe	Data entrada	Nº Documento
Funcionamento Ordinario Aparcadoiro	FE5015000015	5.445,00 €	02/10/15	150125298
Refacturación gastos mantemento/xestión Aparcadoiro	FE5015000016	22.540,76€	02/10/15	150125299

Con data 8 de outubro de 2015 , doc. Nº150127933 , Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de AGOSTO de 2015 un total 39.004,46 € (iva engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 27.985,76 € (funcionamento ordinario parking AGOSTO 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking AGOSTO 2015 : 22.540,76 €).

Realízanse axustes por importe de +1499,94 € que se explican no documento de data 8 de outubro de 2015 que se adxunta o expediente polo que a cantidade que ingresan e 16.241,55 € en vez dos 14.741,61 € que procedería ingresar (doc nº 3)

Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Interparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :

MES	IMPORTE	DATA DE INGRESO
AGOSTO	16.241,55 €	6 DE OUTUBRO DE 2015

A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos (5.309,70 €) ata (5.445 €) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .

As facturas presentadas foron conformadas pola Xefatura do Servizo de Transportes . Considerase que unha vez finalice o servizo deberá efectuarse a regularización da totalidade da facturación .

Con relación ás solicitudes presentadas pola empresa Interparking Hispania S.A relativas a aplicación da compensación debe considerarse o informe emitido polo Tesoureiro Municipal en data 20/03/2012 con relación á solicitude presentada pola empresa o 13/03/2012 (doc. Nº 120028854), compensación que se ven efectuando dende a data :

O Tesoureiro informa que "para que proceda o instituto da compensación, resulta necesaria a concorrencia dun requisito ineludible, como é que a persoa ou entidade debedora sexa ó mesmo tempo acreedora por créditos recoñecidos por acto administrativo ó seu favor. Informa o Tesoureiro Municipal que non existe crédito recoñecido algún a favor da entidade debedora que se atope pendente de aboamento (fases "O" de recoñecemento da obriga ou "P" de ordenación do pagamento), polo que procedería a denegación da compensación presentada."

Non obstante, o Tesoureiro informa que: "(...) non podemos olvidar que, como recorda o Tribunal Económico Administrativo Central ... non parece lóxico, nin acorde cos principios constitucionais de eficacia e os legais de eficiencia e servizo aos cidadáns, denegar unha solicitude de compensación para a que se daban todos os requisitos legais ou, senón se daban, era por un retraso imputable á propia Administración que, en tal caso, debería resolver o procedente sobre o crédito e, acto seguido, sobre a compensación instada. Como consecuencia do exposto con anterioridade, pode resultar procedente a concesión da compensación dun crédito que no momento da solicitude non se atopa recoñecido por non existir un acto administrativo expreso de recoñecemento, como podería ser o caso que nos ocupa. Esta posibilidade aparece máis clara dende a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria na que se recoñece o carácter meramente declarativo do acordo de compensación, de forma que a extinción do crédito producirase no intre no que se cumpran os requisitos para débeda e crédito. Pola súa beira, os artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 11 do Real Decreto 500/1990 consagran o principio do presuposto bruto dispoñendo a prohibición de atender obrigas de pago, mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, polo que deberán aplicarse os dereitos e as obrigas aos orzamentos do Concello de Vigo polo seu importe íntegro (...)"

O Tesoureiro Municipal conclúe no devandito informe manifestando que " (...) debe procederse a tramitar ou rexeitar as facturas presentadas pola mercantil INTERPARKING HISPANIA S.A, isto é, resolver a procedencia ou non do crédito derivado das facturas presentadas pola citada entidade que se atopan pendentes de tramitación polo servizo

xestor correspondente, pois parece lóxico ... que previamente á resolución da solicitude de compensación deba resolverse o procedente sobre o crédito (...)".

Tendo en conta todo o ata aquí exposto, considerase que ao abeiro do previsto na Base 28ª das de execución do orzamento municipal , e coa finalidade de evitar un enriquecemento inxusto para a Administración municipal por haberse efectuado a favor de esta os servizos consignados na facturación achegada , procede aprobar a indemnización substitutiva a favor de INTERPARKING HISPANIA S.A polos servizos prestados de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola empresa DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2015 por un importe total de 22985,76 € e con cargo a partida 1330.2279907 (prestación de servizos aparcadoiro praza de Portugal) .

Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización favorable do Interventor Xeral, a seguinte PROPOSTA,

PRIMEIRO :Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón a favor de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), polo importe total de 27.985,76 € (ive engadido) correspondente a :

AGOSTO 2015 :(funcionamento ordinario parking AGOSTO 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking AGOSTO 2015 : 22.540,76 €).

SEGUNDO : Instar do órgano municipal competente que o pago da obriga derivada do contido do apartado primeiro e de conformidade cos informes obrantes no expediente realícese mediante compensación .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1207).- PRODUTIVIDADE A FAVOR DE D. AURELIO ADÁN FERNÁNDEZ, FUNCIONARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS. EXPTE. 8364/407.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.10.15, dáse conta do informe-proposta xefe dos Servizos Centrais, do 21.09.15, conformado pola xefa de Asesoramento Xurídico, conformado polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

En data 09/09/2013 a 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Area de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio, Economía e Facenda resolveu encomendarlle a distintos funcionarios municipais do Servizo de Urbanismo funcións propias doutros postos de traballo no Servizo de Patrimonio, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ó cal están adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares. Dita encomenda está fundamentada no preceptuado no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

As funcións encomendadas consisten na revisión técnica dos traballos realizados pola concesionaria adxudicataria da comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo (punto 25, expediente 19724/240):

- O aboamento do complemento de produtividade correspondente a D. Aurelio Adán Fernández deberá ser aprobado pola Xerencia Municipal de Urbanismo, con cargo ós seus Orzamentos.”*

Toda vez que a competencia para a fixación de retribucións do persoal propio deste Organismo Autónomo está atribuída á Xunta de Goberno Local, procede someter a este órgano a aprobación do complemento de produtividade do funcionario desta Xerencia de Urbanismo. Nos antecedentes e parte expositiva do citado acordo fíxase en dito complemento en 3.677,19 euros, despois de relatar os traballos desenvolto no período 01/10/2014 a 31/03/2015.

A tal efecto, existe crédito adecuado e suficiente na partida 1510.1500000 (RC-201500002783) para afrontar o custo da produtividade do funcionario desta XMU (3.677,19 euros).

En consecuencia co antedito, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Aprobar e comprometer o gasto, con cargo á partida 1510.1500000 do Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, por importe de 3.677,19 euros, en concepto de produtividade a favor do empregado municipal D. Aurelio Adán Fernández, polo desempeño no período 01/10/2014 a 31/03/2015 das funcións encomendadas, segundo Resolución de data 09/09/2013, pola 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio, Economía e Facenda, en relación coa actualización do Inventario Municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1208).- INSTRUCCIÓN 1/2015 POLA QUE SE MODIFICA A INSTRUCCIÓN 2/2012 E SE APROBA O PROTOCOLO DE ACTUAICÓN PARA O SEGUIMENTO E RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 255/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta, do 5.10.15, asinado pola técnica de Admón. Xeral, conformado polo xefe de Urbanización e Infraestructuras, que di o seguinte:

O día 27.04.2012, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a “Instrución 2/2012, pola que se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo”, elaborada polos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo (publicado no BOP nº. 104 do 31.05.2012).

A referida Instrución aborda o procedemento administrativo para o seguimento da obra urbanizadora e a súa recepción, regulando, entre outras, as condicións necesarias para que o Concello de Vigo poda acordar a aprobación de recepcións parciais nos supostos nos que elo resulte adecuado, disciplinando, así mesmo, as consecuencias dese tipo de acordos a respecto das garantías constituídas, o cómputo do prazo de garantía e a conservación da obra urbanizadora.

Neste senso, o punto terceiro, letra b) da nomeada Instrución, establecía como excepcional a posibilidade de recepción parcial de obras de urbanización, se ben, con estrita observancia do seguinte: “-As obras executadas sexan susceptibles de ser entregadas ó uso público. -Sempre e cando constitúan unha unidade funcional directamente utilizable e se teñan recibido pola propia Entidade Urbanística Colaboradora. Deberá existir un nivel mínimo de reserva de solo e execución do equipamento, dos servizos urbanísticos mínimos.- O acordo de recepción parcial non habilitará en ningún caso para a disolución da Entidade Urbanística Colaboradora nin para a cancelación da obriga ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custes derivados da urbanización. - Tampouco será título para a devolución dos avais presentados nin implicará o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras de urbanización. A conservación e preservación do bo funcionamento da urbanización que se vaia recibir, seguirá sendo responsabilidade da Entidade Urbanística Colaboradora. - Con ocasión da recepción total, comprobarase de novo o estado da parte recibida parcialmente. No caso de que se observen deficiencias na mesma derivadas da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas imputable directa ou indirectamente á Entidade Urbanística Colaboradora, requirirase a realización das obras precisas e non se recibirá totalmente a urbanización ata a súa finalización”.

Xa que logo, en aplicación do dito Protocolo, as recepcións parciais de obras de urbanización acordadas pola Administración local non se consideraban título habilitante nin para a substitución das garantías constituídas por outras que equivalentes ao importe das obras pendentes de execución, nin para o inicio do cómputo do prazo de garantía das obras recibidas.

Sen embargo, na actualidade estes dous concretos aspectos (substitución de garantías e cómputo de prazo) foron cuestionados polo TSXG, constando a súa desconformidade a dereito en sentenza firme e definitiva. É por elo, que considerando os pronunciamentos xurídicos contidos naquela sentenza, a Administración local debera proceder a revisar o nomeado Protocolo, depurando os aspectos xurídicos que nel se conteñen e evitando calquera creba do principio de seguridade xurídica.

Así mesmo, a revisión do dito Protocolo ofrece a oportunidade de integrar os aspectos ambientais que afectan ás obras de urbanización, posto que nos supostos de obras urbanizadoras sometidas á avaliación de impacto ambiental, a intervención da Administración municipal continúa sendo necesaria tras da súa recepción. Polo tanto, sen prexuízo da directa aplicación da normativa vixente en materia de avaliación de impacto ambiental, o seguimento destas actuacións incorporárase tamén nesta Instrución.

O día 14.09.2015, a Vicepresidenta da XMU resolveu revisar a “Instrución 2/2012 relativa á revisión do protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo. Expte. 130/403” e encomendar á Oficina de Urbanización e Infraestruturas da

XMU a tramitación e elaboración do texto revisado da Instrución referida no apartado dispositivo primeiro desta Resolución. O texto revisado xúntase á presente proposta.

Consta no expediente administrativo o informe emitido o día 15.09.2015 polos enxeñeiro técnico municipal de obras públicas e o Xefe de Urbanización e Infraestruturas e que foi considerado na elaboración da proposta que se xunta ao presente informe.

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, a proposta do Consello da XMU, en uso das competencias legalmente atribuídas en materia de xestión urbanística no artigo 127 da LRBRL.

Polo anterior, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO.

PRIMEIRO: Aprobar a Instrución 1/2015 pola que se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización no Concello de Vigo.

SEGUNDO: Deixar sen efecto a Instrución 2/2012 relativa á revisión do protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo, expediente. 130/403, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en data 27.04.2012 (BOP nº. 104, do día 31.05.2012).

TERCEIRO: Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia xunto co texto íntegro do Protocolo aprobado, así como na web do Concello de Vigo para público coñecemento.

CUARTO: Notificar este acordo aos departamentos competentes por razón da materia.

ANEXO

INSTRUCCIÓN 1/2015 POLO QUE SE APROBA O PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA O SEGUIMENTO E RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN NO CONCELLO DE VIGO

PRIMEIRO PUNTO: PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO PARA O SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN

a) Unha vez aprobado definitivamente o proxecto de urbanización, a Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación, deberá convocar ao Concello de Vigo mediante comunicación dirixida á XMU, para o asinamento da "Acta de Comprobación do Replanteo (ACR)" e achegará ao efecto á seguinte documentación:

- 1. Plan de Seguridade e Saúde asinado polo contratista, visado e presentado no organismo competente da Administración autonómica.*
- 2. Acta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde polo Coordinador de Seguridade e Saúde e visado polo colexio profesional correspondente.*
- 3. Plan de Control de Calidade dos materias a utilizar na obra.*

4. *Plan de xestión de residuos.*
5. *Plano actualizado do levantamento topográfico e perfís do ámbito, co parcelario correspondente, conformado polo Director da obra, a Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación e o contratista da obra.*

Os técnicos municipais comprobarán antes da sinatura da “Acta de Comprobación do Replanteo” o cumprimento da constitución das garantías esixibles para a execución da obra urbanizadora (depósito de aval suficiente pola obrigada, etc.) e en ningún caso asinarán a dita acta se aquela constitución non constase acreditada.

b) Asinada a ACR, os técnicos municipais designados ao efecto realizarán a supervisión continuada das obras ata a súa recepción definitiva e documentarán cantas incidencias xurdan durante a súa execución co fin de iniciar os procedementos administrativos que resultasen pertinentes.

c) A partires da data de asinamento da ACR, o/a Director/a das obras deberá informar á Administración urbanística cada tres meses do grao de execución e das incidencias que aconteceran e que poidan incidir na boa execución das mesmas. Ademais, relacionará as unidades de obra executadas coas cantidades certificadas ata a data por capítulos, así como o saldo pendente de executar e certificar e informará do grao de execución das obras de edificación, de ser o caso, e da posible data de terminación.

d) As modificacións que se pretendan introducir no proxecto de urbanización deberán ser aprobadas previamente polo Concello de Vigo.

e) Calquera demora non xustificada ou incidencia da que se poda derivar unha incorrecta urbanización do ámbito, implicará a emisión dun informe por parte dos técnicos municipais encargados da supervisión das obras urbanizadoras, que se elevará como proposta de requirimento ao Presidente da XMU ou órgano en que teña delegado a súas competencias. Nese mesmo requirimento advertirase que, de persistir na incorrecta urbanización, o Concello de Vigo poderá acordar a execución subsidiaria das obras de urbanización ou, en función do grao de desenvolvemento da urbanización, a adopción do acordo do cambio do sistema por un directo.

f) Os técnicos municipais realizarán tantas visitas de comprobación das obras como estimen pertinentes, levantando acta de cada unha que será asinada tamén polo director da obra de urbanización. Así mesmo, darán conta aos diferentes departamentos municipais e ás empresas subministradoras das incidencias que poidan afectar ao servizo público.

g) Os técnicos municipais informarán con carácter urxente de calquera incidencia da que puidera derivar un perigo para a seguridade das persoas ou dos bens. Co fin de evitar calquera dano que elo puidera supoñer, o órgano competente poderá adoptar as medidas provisionais e urxentes que estime pertinentes, incluíndo a paralización das obras de urbanización se considérase oportuno.

h) O Concello de Vigo poderá suspender a execución das obras de construción das edificacións no caso de simultaneidade coas obras urbanizadoras, cando se aprecie que estas últimas non teñen o grao de desenvolvemento adecuado para que as de edificación podan ser utilizadas tan pronto como sexan rematadas.

SEGUNDO PUNTO: PROCEDIMIENTO PREVIO Á RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN

a) A Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación, deberá comunicar ao Concello de Vigo a data previsible de finalización das obras de urbanización cunha antelación mínima de 45 días con respecto daquela. Xunto coa solicitude de recepción das obras, deberá presentar a seguinte documentación técnica:

1. Planos que inclúan o estado final das obras executadas, referenciadas ao ámbito de recepción, en soporte dixital e papel.

2. Certificado de final de obra asinado polo Director das obras.

3. Acta de entrega das obras de urbanización obxecto da recepción, subscripta polo representante da Entidade Urbanística Colaboradora, propietario único ou promotora da actuación, segundo o sistema de actuación aplicado, e a Dirección Facultativa e Contratista das Obras.

4. Informe-Resumo dos ensaios de Control de Calidade dos Materiais utilizados na obra, subscripto polo responsable do Laboratorio de Control e conformados polo Director das Obras. En proxectos iniciados antes do 14/09/2009, será suficiente un informe do Director facultativo no que certifique a idoneidade dos materiais empregados.

5. Documentación acreditativa da inscrición rexistral das cesións obrigatorias e gratuítas a favor do Concello de Vigo.

6. Proposta de adhesión ao modelo de Estatutos ou proxecto de Estatutos para a constitución da Entidade Urbanística de Conservación, no seu caso.

b) Unha vez recibida aquela comunicación, os técnicos municipais, no prazo máximo de tres días, darán conta da mesma aos departamentos municipais competentes en materia de Montes, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Limpeza e informará nese momento da data na que asinará a Acta de Recepción a todas as empresas subministradoras de servizos urbanísticos, tales como "Unión Fenosa, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Vodafone", "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Gas Galicia, S.A." e "Aqualia-FCC, UTE Vigo" ou aquelas que as substitúan. Na comunicación que se dirixa tanto aos departamentos municipais como ás empresas subministradoras, farase expresamente constancia de que o informe deberá ser emitido no prazo máximo de dez días (artigo 83 LRXAP-PAC).

c) O mesmo día se dará conta da solicitude dos informes aludidos na letra b) deste punto segundo, á Entidade Urbanística Colaboradora, á propiedade ou á promotora da actuación, informándolle de que o transcurso do prazo legal para resolver o procedemento quedará suspendido ata que se recaben os informes mencionados (artigo 42.5 LRXAP-PAC).

d) No caso de que os informes evacuados constaten a existencia dalgunha deficiencia na urbanización, darase conta do mesmo á Entidade Urbanística Colaboradora, á propiedade ou promotora da actuación para que proceda a súa emenda. Ata tanto non se reciba novo informe en sentido favorable, o prazo de resolución quedará en suspenso nos termos previstos na lexislación de aplicación.

e) Unha vez recabados todos os informes favorables se remitirán, xunto co informe proposta, á Xunta de Goberno Local para que acorde a recepción das obras urbanizadoras, de ser o caso, e designe o represen-

tante da Administración pública que asistirá ao acto de recepción. Darase traslado deste acordo á Intervención Xeral do Concello de Vigo para a súa asistencia potestativa á recepción.

f) O representante designado pola Xunta de Goberno Local sinalará a data de recepción das obras de urbanización e a comunicará á Entidade Urbanística Colaboradora, á propiedade ou á promotora da actuación e ao responsable da Intervención municipal. Do resultado da recepción se levantará unha Acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles. O representante da Entidade Urbanística Colaboradora, á propiedade ou a promotora da actuación terá a obriga de asistir á recepción.

g) Unha vez recibidas as obras de urbanización, a Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación poderán solicitar a substitución da garantía presentada por outra que comprenda o cinco por cento do presuposto de execución por contrata.

h) Transcorrido o prazo de garantía, a Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación poderá solicitar a cancelación da garantía subsistente, debendo emitir informe os técnicos municipais a fin de que o Presidente da XMU o órgano en quen teña delegado as súas competencias acorde o procedente.

TERCEIRO PUNTO: RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN

a) A recepción parcial das obras de urbanización deberá preverse no instrumento de planeamento que conteña a ordenación detallada, no que deberá figurar un plan de etapas de execución das obras de urbanización e edificación. Excepcionalmente, cando concorran circunstancias especiais suficientemente acreditadas que fundamenten a conveniencia deste tipo de recepcións, o que deberá ser apreciado polo órgano competente, poderá acordarse a recepción parcial de obras de urbanización cando non se conteña aquela previsión no planeamento urbanístico que conteña a ordenación detallada. Deberá acordarse a coherencia da recepción parcial coas restantes determinacións do Plan, o desenvolvemento no tempo da edificación prevista e as súas dotacións e dos elementos que compoñen a rede de servizos.

b) Así pois, cando o planeamento que conteña a ordenación detalla non prevese a posibilidade de recepcións parciais, ésta tratarase como un suposto excepcional que deberá interpretarse de forma restritiva e só admisible con estrita observancia das seguintes indicacións:

- As obras executadas deben ser susceptibles de ser entregadas ao uso público.
- Deben constituír unha unidade funcional directamente utilizable e ter sido recibidas pola propia Entidade Urbanística Colaboradora, pola propiedade ou pola promotora da actuación. Deberá existir un nivel mínimo de reserva de solo e execución do equipamento e dos servizos urbanísticos mínimos.
- O acordo de recepción parcial non habilitará en ningún caso para a disolución da Entidade Urbanística Colaboradora nin para a cancelación da obriga ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custos derivados da urbanización.
- Unicamente posibilitará a substitución da garantía constituída por outra minorada no importe correspondente ás obras de urbanización recibidas, polo que, en todo caso, deberán quedar garantidas as obras de urbanización que non foran recibidas. Para elo, o órgano competente poderá esixir para o cálculo do importe a garantir, a actualización do das obras de urbanización que restan por realizar. Así mesmo, o inicio do cómputo do prazo de garantía afectará exclusivamente ás obras de urbanización que figuren na recepción parcial.

- A conservación da urbanización recibida será asumida por quen corresponda segundo o PXOM e a lexislación de aplicación e, en todo caso, as obrigas correspondentes ás entidades urbanísticas de conservación serán asumidas pola Xunta de Compensación en tanto aquela non se constituía.

- Con ocasión da recepción total, no caso de que non transcorrera o prazo de garantía das obras de urbanización xa parcialmente recibidas, comprobarase o novo estado do recibido e de advertirse deficiencias derivadas da súa execución ou polo deficiente estado das mesmas imputable directa ou indirectamente á Entidade Urbanística Colaboradora, á propiedade ou á promotora da actuación, requirirase a realización das obras precisas para emendalas e non se recibirá totalmente a urbanización ata a súa finalización.

CUARTO PUNTO: SEGUIMIENTO DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN SOMETIDAS Á AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

No caso de proxectos de urbanización sometidos ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ou tramitación ambiental que a substitúa, os técnicos municipais comprobarán a vixencia (ou prórroga) da Declaración de Impacto Ambiental ou instrumento equivalente, antes da sinatura da ACR. A Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación urbanizadora deberá acreditar a comunicación tamén ao órgano ambiental da data de comenzo da execución. Cursará, igualmente, aquelas comunicacións que resulten esixibles de acordo coa lexislación vixente. En caso de terse aprobado modificacións nas condicións dunha Declaración de Impacto Ambiental xa emitida, deberán comprobar a comunicación do comenzo da execución axustado á dita modificación, sempre que a lexislación de aplicación prevea esta comunicación.

Os técnicos municipais, ademais dos traballos de seguimento que se lles asignen, disporán o necesario, na medida das súas funcións, para garantir o cumprimento da Declaración de Impacto Ambiental e emitirán informe cando aprecien a concorrencia de circunstancias que puideran supoñer unha modificación nas condicións da Declaración de Impacto Ambiental emitida ou cando éstas foran manifestadas pola Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación ou polo órgano ambiental. No caso de que a dita modificación sexa solicitada polo Entidade Urbanística Colaboradora, pola propiedade ou pola promotora da actuación, os técnicos municipais esixirán a presentación da documentación xustificativa daquela xunto coa solicitude referida, para a súa análise, comprobación e posterior remisión, de ser o caso, ao órgano ambiental.

Os técnicos municipais, unha vez aprobado definitivamente o proxecto de urbanización sometido a avaliación de impacto ambiental ou tramitación ambiental equivalente, realizarán o seguimento dos seus efectos no medio ambiente co fin de identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e permitir que se leven a cabo as medidas adecuadas para evitalos. Comprobarán, ademais, na medida en que as súas funcións corresponda, o cumprimento do programa de vixilancia ambiental ou outros condicionamentos que de cara o seguimento da actuación foran impostos na Declaración de impacto ambiental. Comunicarán calquera circunstancia que puxera en risco os aspectos ambientais a considerar, a eficacia das medidas correctoras propostas polo órgano ambiental ou calquera outro que impedise acadar os fins da Declaración de Impacto Ambiental.

Comprobarán, cando a lexislación aplicable o prevea, que o promotor da cumprimento á obriga de emisión do informe de seguimento da Declaración de Impacto Ambiental. O dito informe incluírá o contido que requira a dita lexislación, dándosele a publicidade prevista nesta.

Con data 16.10.15, o Consello da Xerencia de Urbanismo acorda elevar o presente informe á Xunta de Goberno local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.